

A moza dos ollos de ouro

Honoré de Balzac

Tradución de Agustín Nieto



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Honoré de Balzac
A MOZA DOS OLLOS DE OURO
Tradución de Agustín Nieto

CAPÍTULO I – FISIONOMÍAS PARISIENSES

Un dos espectáculos máis estarrecedores que se poden atopar é, sen dúbida, o aspecto xeral que ofrece a poboación parisiense, pobo de horribel fasquía: macio, citrino, torrado. Seica non é París unha leira inmensa abaneada arreo por unha tempestade de intereses, baixo a que se arremuíña unha ceifa de homes que a morte sega máis a miúdo que xalundes e que sempre volven agromar igual de mestos; cos rostros retortos, desfigurados, revendo por todos os poros o espírito, os desexos, os velenos que preñan os seus cerebros? Rostros non, máis ben máscaras: máscaras de debilidade, máscaras de forza, máscaras de miseria, máscaras de gozo, máscaras de hipocrísia; todas extenuadas, todas sinaladas coas marcas indelébeis dunha degorante avidez. Que é o que queren? Ouro ou pracer?

Algunhas observacións acerca da alma de París poden explicar as causas da súa fisionomía cadavérica que só contempla dúas idades: a mocidade ou a decrepitude. Mocidade lívida e sen cor; decrepitude disimulada, coma quen que é nova. Vendo este pobo exhumado, os estranxeiros, que non están obrigados a reflexionar, experimentan ao comezo unha sensación de desgusto cara a esta capital, inmenso obradoiro de gozo, de onde axiña eles mesmos non poderán saír e na que ficarán para deformarse de bo grado.

[] Poucas palabras abondarán para xustificar fisioloxicamente a coloración, case infernal, dos rostros parisienses; pois non só por brincar se di que París é un inferno. É ben atinada esa denominación. Aquí todo afuma, todo queima, todo brilla, todo burbulla, todo arde, evapórase, extínguese, revive, lostrega, faísca e consómese. Xamais en ningún lugar existiu vida máis ardente, nin máis cáustica. Esta natureza social sempre en fusión parece dicir cada vez que remata unha obra: "A por outra!", como fai a propia natureza. E, como a natureza, esta natureza social está chea de insectos, de flores dun día, de bagatelas, de efémeras; e tamén deita lume e lapas polo seu eterno cráter.

[] Quizais antes de analizar as causas que determinan unha fisionomía especial para cada tribo desta nación intelixente e tornadiza, débese sinalar a causa xeral que descolora, palidece e volve máis ou menos lívidos ou mouros os individuos.

A poder de interesarse por todo, o parisiense chega a non se interesar por nada. Ao non predominar ningún sentimento na súa face luída polo roce, esta vólvese gris como o estuco das casas, exposto a toda clase de feluxe e de fume. En efecto, indiferente de véspera a aquilo que o entusiasmará o día seguinte, o parisiense vive como un neno, sexa cal sexa a súa idade. Murmura de todo, consólase con todo, mófase de todo, esquece todo, quere todo, proba de todo, colle todo con paixón, abandona todo con indiferenza: os seus reis, as súas conquistas, a súa gloria, o seu ídolo, sexa de bronce ou de vidro; tira do mesmo xeito as súas medias e os seus chapeus que a súa fortuna. En París, ningún sentimento resiste a enxurrada das cousas, e a súa corrente obriga a unha loita que refrea as paixóns: o amor é un desexo e o odio unha veleidade; non hai parente verdadeiro agás o billete de mil francos, nin outro amigo que o Monte de Piedade. Este desleixamento xeral dá os seus froitos; e, así no salón como na rúa, ninguén está de máis, ninguén é totalmente útil nin totalmente daniño: tanto os parvos e os pillos como as persoas intelixentes ou honradas. Todo se tolera: o goberno e a guillotina, a relixión e o cólera. Sempre seredes ben recibidos neste mundo, nunca estaredes de máis.

[] Quen goberna, entón, neste país sen costumes, sen crenzas, sen ningún sentimento, mais do que parten e onde desembocan todos os sentimentos, todas as crenzas e todos os costumes? O ouro e o pracer. Collamos estas dúas palabras

como unha lámpada e percorrámos esta gran gaiola de estuco, esta colmea con negros arriolos, sigamos o ronsel serpeante dese pensamento que a axita, a exalta, a atormenta. Ollade. Examinemos en primeiro lugar o mundo do que non ten nada de seu. O obreiro, o proletario, o home que ten que bulir cos pés, as mans, a lingua, o lombo, o único brazo que lle queda, cos seus cinco dedos, para vivir. Pois ben, este, que debería ser o primeiro en economizar o sustento da súa vida, soborda as súas forzas, xongue a súa muller a unha máquina, espreme o seu fillo ensamblándoo nunha engrenaxe.

[]O dono da fábrica, ese indefinido fío secundario cuxo movemento axita este pobo que, coas mans luxadas, tornea e doura as porcelanas, cose os traxes e vestidos, lima o ferro, lixa a madeira, tempera o aceiro, orde o cáñamo e o fío, lustra os bronzes, festona o cristal, imita as flores, borda a la, doma os cabalos, trenza os arneses e os galóns, corta o cobre, pinta os coches, poda os vellos olmos, vaporiza o algodón, sopra o vidro, talla o diamante, púe os metais, lamina o mármore, lúe os seixos, lava o pensamento, colora, branquea e negrexo todo. Pois ben, ese xefe subsidiario veu prometer a este mundo de suor e de vontade, de estudo e de paciencia, un salario esaxerado, sexa en nome dos caprichos da cidade, sexa obedecendo a voz do monstro chamado Especulación.

[]Entón estes cuadrúmanos botáronse a velar, padecer, traballar, xurar, xaxuar e andar; todos se exceden para gañar ese ouro que os fascina. Despois, sen preocuparse polo futuro, ávidos de praceres, empregando os brazos como o pintor a paleta, desbalden os cartos os luns, como grandes señores por un día, nos cabarés, que fan unha muralla de lama arredor da cidade: cinto da Venus máis impúdica, que se aperta e se afrouxa arreo, onde se perde, como nun xogo, a fortuna periódica deste pobo, tan bravo no pracer como manso no traballo. Durante cinco días, pois non hai tregua para esta parte activa de París!, entrégase a movementos que a fan ladearse, engordar, adelgazar, palidecer, xurdir en mil chorros de vontade creadora. Despois, o seu pracer, o seu descanso é unha esgotadora esmorga, coa pel morena, negra das labazadas, descolorida de embriaguez ou amarela de indigestión, que dura dous días nada máis, pero que rouba o pan do mañá, a sopa da semana, os vestidos da muller, os cueiros completamente esfarrapados do neno.

[]Estes homes, nados sen dúbida para seren belos, pois toda criatura ten a súa beleza relativa, enroláronse desde a infancia baixo o mando da forza, baixo o reino do martelo, das cisallas, da fábrica de fiados, e axiña se vulcanizaron. Seica non é Vulcano, coa súa fealdade e a súa forza, o emblema desta nación fea e forte, sublime pola súa intelixencia mecánica, paciente por veces, terríbel un día por século, inflamábel como a pólvora e preparada pola augardente para o incendio revolucionario; aguda de abondo, en fin, para acenderse por unha palabra capciosa que para ela sempre significa ouro e pracer? Contando todos os que estenden a man para recibir unha esmola, uns salarios lexítimos ou os cinco francos estipulados para calquera xénero de prostitución parisiense, en definitiva, para calquera diñeiro ben ou mal gañado, este pobo consta de trescentos mil individuos. Se non fora polos cabarés, non sería derrocado o goberno cada martes? Afortunadamente, os martes este pobo está entumecido, resacoso, xa non ten un pataco e volve ao traballo, ao pan seco, estimulado por unha necesidade de procreación material que se ten convertido nun costume.

[]Malia todo, este pobo ten os seus fenómenos de virtude, os seus homes íntegros, os seus Napoleóns descoñecidos, que son o arquetipo das súas forzas levadas á máis alta expresión e resumen o seu alcance social nunha existencia na que o pensamento e a acción se combinan non tanto para enchela de alegría como para regularizar o efecto da dor.

A casualidade fixo aforrador a un obreiro, a casualidade agasallouno cunha idea, concedeulle visión de futuro, atopou unha muller, viuse convertido en pai e, despois dalgúns anos de duras privacións, montou un pequeno comercio de mercería, alugou unha tenda. Se a enfermidade e o vicio non o deteñen no seu camiño, se foi quen de prosperar, velaquí o esbozo desa vida normal.

Antes ca nada, saudemos a este rei da actividade parisiense, que someteu o tempo e o espazo. Si, saudemos a esta criatura composta de salitre e de gas que dá fillos a Francia durante as súas noites laboriosas e que se multiplica durante o día para o servizo, a gloria e o pracer dos seus concidadáns. Este home deu resolvido o problema de satisfacer asemade unha muller amábel, a casa, *Le Constitutionnel*¹, a oficina, a Garda Nacional, a Opera e Deus. Iso si, para converter en cartos *Le Constitutionnel*, a Oficina, a Opera, a Garda Nacional, a muller e Deus. En fin, saudemos a un irreprochábel pluriempregado.

[]Érguese todos os días ás cinco para atravesar como un paxaro o espazo que separa o seu domicilio da rúa Montmartre. Aínda que vente ou trone, chova ou neve, está en *Le Constitutionnel* á espera do fardo de xornais cuxa distribución ten adjudicada. Recibe ese pan político con avidez, cólleo e lévao. Ás nove volve ao seo do seu lar, dedícalle un afago á súa muller, róuballe un sonoro bico, degusta unha cunca de café ou rífalles aos nenos. Ás dez menos cuarto aparece polo concello. Alí, pousado nunha butaca como un papagaiño na súa percha, caldeado pola cidade de París, rexistra ata as catro, sen concederlles unha bágoa ou un sorriso, os decesos e os nacementos de todo un distrito. A sorte e a desgraza do barrio pasan polo extremo da súa pluma, como o espírito de *Le Constitutionnel* viaxaba un pouquiño antes sobre as súas costas. Nada lle pesa! Vai sempre cara adiante, atopa o seu patriotismo, listo para tomar, no periódico, non lle leva a contraria a ninguén, berra ou aplaude con todo o mundo e vive como unha andoriña.

[]Como a súa parroquia está a un paso, en caso de que se celebre unha cerimonia importante pode deixarlle o posto a un interino e ir cantar un réquiem ao coro da igrexa onde, os domingos e festas de gardar, é o adorno máis belido, a voz máis imponente, torce con enerxía a súa enorme boca e atrona cun ledor Amén. É o chantre.

[]Liberado do servizo oficial ás catro, déixase caer pola mercería para encher de gozo e ledicia a boutique máis célebre da Cité. A súa muller é feliz, el non ten tempo para estar celoso; é máis ben home de acción que de sentimento. Ademais, des que chega non para de facerlles garatuxas ás dependentas, cuxos ollos vivos engaiolan moitos clientes; divírtese entre os xogos de lencería, os panos e a muselina confeccionada por esas hábiles obreiras; ou, máis a miúdo aínda, antes de cear, atende a un cliente, copia unha páxina do xornal ou leva á casa do alguacil algunha mercadoría que chegou con atraso.

[]Ás seis, cada dous días, ocupa sen falta o seu posto. Insubstituíbel no coro como baixo, comparece na Opera disposto a converterse en soldado, árabe, prisioneiro, salvaxe, campesiño, sombra, pata de camelo, león, diaño, xenio, escravo, eunuco negro ou branco, sempre habelencioso para simular alegría, dor, piedade ou asombro, experto en emitir berros idénticos, en calar, en cazar, en baterse, en representar a Roma ou a Exipto; mais sempre *-in petto-*, merceiro.

¹ *Le Constitutionnel* é un periódico político francés, fundado en París durante os Cen días por Fouché co nome de *L'Indépendant*; órgano de adhesión dos liberais, dos bonapartistas e dos anticlericais, foi suprimido cinco veces e reapareceu cada vez cun nome diferente ata chegar a ser definitivamente *Le Constitutionnel* baixo a Segunda Restauración. (N. do T.)

[] Á media noite, volve ser bo marido, home e pai cariñoso; déitase no leito conxugal coa imaxinación aínda acendida polas sedutoras formas das ninfas da Opera, e transforma así, en beneficio do amor conxugal, as depravacións do mundo e as voluptuosas turxescencias das pernas da Taglioni². Por último, de durmir, dorme axiña e apura o sono como ten apurado a vida.

Acaso non é a actividade feita home, o espazo personificado, o Proteo da civilización? Neste home compéndiase todo: historia, literatura, política, goberno, relixión, arte militar... Seica non é unha enciclopedia vivente, un atlas grotesco, bulindo arreo como París e sempre sen acougo? Nel todo é pernas. Ningunha fisionomía sería quen de conservarse pura con tales traballos. Se cadra o obreiro que morre vello aos trinta anos, co estómago curtido polas progresivas doses de augardente, ha ser considerado, na opinión dalgúns filósofos que gozan de boas rendas, máis feliz que o merceiro. Un perece de vez e o outro aos poucos. Das súas oito industrias, do seu lombo, da gorxa, das mans, da súa muller e do seu comercio obtén, coma se fosen granxas, algúns fillos, uns miles de francos e a máis laboriosa felicidade da que teña gozado nunca o corazón humano. Esta fortuna e estes fillos, ou os fillos que para el o resumen todo, convértense en prea do mundo superior, a onde leva os seus cartos e a súa filla, ou o seu fillo educado no colexio, quen, máis instruído que o seu pai, eleva as súas ambiciosas miras. A miúdo o fillo menor dun pequeno comerciante quere ser algo no Estado.

Esta ambición conduce o pensamento ao interior da segunda das esferas parisienses. Subamos pois un andar e dirixámonos ao entresollado; ou descendamos do faiado e fiquemos no cuarto andar; en fin, penetremos no mundo dos que teñen algo de seu; aquí habemos atopar o mesmo resultado. Os comerciantes de por xunto e os seus mozos, os empregados, a xente da pequena banca e de grande probidade, os pillos, as almas condenadas, os primeiros e os últimos dependentes, os pasantes do oficial de dilixencias, do avogado, do notario; en fin, os membros actuantes, pensantes e especulantes desta pequena burguesía que tritura os intereses de París e vela polo seu gran, que acapara as mercadorías, almacena os produtos fabricados polos proletarios, envasa en barricas as froitas do sur do país, os peixes do Océano, os viños de calquera costa favorecida polo sol; que estende as mans polo Oriente, onde apaña os mantelos desdeñados polos turcos e os rusos, vai facer colleita mesmo ata as Indias, déitase a esperar a venda, absorbe despois o beneficio, desconta os portes, xira e ingresa en caixa todos os valores, embala París enteiro polo miúdo, carréxao, axexa as fantasías da infancia, espía os caprichos e os vicios da madurez, espreme as súas debilidades; todo isto sen beber augardente como o obreiro, e sen se envorcar no lodo dos arrabaldes, todos eles exceden tamén as súas forzas, tensando de xeito desmesurado o corpo e a moral, un pola outra; consómense en desexos, abísmanse en carreiras precipitadas. Para eles, a torsión física consúmase baixo o látego dos intereses, baixo o azoute das ambicións que atormentan os mundos elevados desta monstruosa cidade, como a dos proletarios se consumou baixo o cruel péndulo das elaboracións materiais desexadas arreo polo despótico *quero* dos aristócratas.

[] De xeito que, para obedecer a este mestre universal, o pracer ou o ouro, aquí tamén cómpre devorar o tempo, espremer o tempo, atopar máis de vinte e catro horas entre o día e a noite, pórse nervioso, matarse, vender trinta anos de vellez por dous anos de enfermizo descanso. O obreiro é o único que morre no hospital, cando acada o derradeiro límite de extenuación, en tanto que o pequeno burgués persiste en vivir e vive, pero cretinizado. Atoparémolo co rostro fanado, chato, avellentado, sen brillo nos ollos, sen firmeza nas pernas, arrastrándose con aspecto aloulado polo bulevar, o cinto da súa Venus, da súa querida cidade. Que quere o

² **Marie Taglioni** (Estocolmo, 23 de abril de 1804 – Marsella, 22 de abril de 1884) é considerada a primeira gran bailarina romántica. (N. do T.)

burgués? O sabre do garda nacional, un cocido asegurado, un lugar decente no Père-Lachaise³, e para a súa vellez un pouco de ouro lexitimamente gañado. O seu luns é o domingo; o seu descanso é o paseo en coche de aluguer, a xira campestre, durante a cal a muller e os fillos tragan alegremente a poeira ou tórranse ao sol; o seu límite é o restaurante, famoso pola súa velenosa cociña, ou algún baile familiar onde abafar ata a media noite. Algúns necios asómbrense do sarillo das mónadas que o microscopio revela nunha gota de auga, mais que diría o Gargantúa de Rabelais, figura dunha sublime audacia incomprendida, que diría ese xigante, caído das esferas celestes, se atopase diversión en contemplar o movemento desta segunda vida parisiense, da que aquí se ofrece unha mostra?

[] Coñecedes eses pendellos, fríos no verán, sen outro lume que un braseiro no inverno, situados baixo o vasto capacete de cobre que coroa a praza do trigo? A señora está alí desde a mañá, é vendedora na praza e din que gaña con ese traballo doce mil francos ao ano. O señor, cando a señora se ergue, vai para un lóbrego despacho, onde fai prestamos usurarios aos comerciantes do seu barrio. Ás nove xa está na oficina de pasaportes, da que é un dos subxfefes. Polo serán, está no despacho de billetes do Teatro Italiano, ou de calquera outro teatro que escollerades. Os nenos están ao cargo dunha ama de cría, e déixana para ir ao colexio ou a un internado. Os señores viven nun terceiro andar, non teñen máis que unha cociñeira, dan bailes nun salón de doce pés por oito e iluminado por quinqués; mais danlle cento cincuenta mil francos de dote á súa filla e xubiláanse aos cincuenta anos, idade na que comezan a deixarse ver polos palcos do terceiro anfiteatro da Ópera, por Longchamp nun coche de punto ou, con torpe aliño indumentario, todos os días de sol polos bulevares, o espaller destes froitos. Apreciados no barrio, queridos polo goberno, aliados da alta burguesía, o señor obtén aos sesenta e cinco anos a cruz da Lexión de Honor, e o seu consogro, alcalde de distrito, invítao aos seus seráns. Os traballos de toda unha vida benefician a uns fillos que esta pequena burguesía, por forza, procura elevar ata a alta. Así, cada esfera expulsa toda a súa freza na esfera superior. O fillo do rico tendeiro faise notario, o fillo do tratante de madeira chega a maxistrado. Nin un só dente deixa de morder a súa rañura, e todo estimula o movemento ascendente do diñeiro.

Chegamos pois ao terceiro círculo deste inferno, que talvez algún día terá o seu DANTE. Neste terceiro círculo social, especie de ventre parisiense onde se dixiren os intereses da cidade e onde se condensan baixo a forma chamada *negocios*, remóvese e axítase, cun acre e amargo movemento intestinal, a masa dos procuradores de tribunais, médicos, notarios, avogados, homes de negocios, banqueiros, grandes comerciantes, especuladores e maxistrados. Aquí atópanse máis causas para a destrución física e moral que xalundes. Estas xentes viven, case todas elas, en infectos estudos, en salas de audiencias apestadas, en pequenos gabinetes enreixados; pasan o día cambados baixo o peso dos negocios, están a pé desde a alba para non perder ningunha oportunidade, para non se deixar desvalixar, para gañalo todo ou para non perder nada, para apoderarse de alguén ou do seu diñeiro, para emprender ou abandonar un negocio, para tirar partido dunha circunstancia fugaz, para encarcerar ou absolver a un home. As consecuencias páganas os seus cabalos: rebéntanos, esgótanos, avelléntanlles as pernas, tamén a eles, antes de tempo. O tempo é o seu tirano, fáltales e fóxelles; non poden nin ampliálo nin axustalo. Que alma pode permanecer grande, pura, moral, xenerosa e, consecuentemente, que figura permanece bela no depravador exercicio dunha profesión que obriga a soportar o peso das miserias públicas, a analizalas, sopesalas, valoralas e calibralas polo miúdo? Onde agocha o corazón esta xente?... non o sei; mais déixano nalgures, se é que o teñen, antes de descender cada mañá ata o fondo dos males que azoutan ás familias. Para eles non

³ O máis grande e máis famoso cemiterio de París. (N. do T.)

hai misterios; ven o reverso da sociedade da que son confesores e desprézan. Agora ben, fagan o que fagan, a poder de medirse coa corrupción, prodúcelles horror e entristécense; ou, en caso contrario, por lasitude, por transacción secreta, adáptanse a ela. En definitiva, necesariamente chegan a aborrecer todos os sentimentos; eles, a quen as leis, os homes e as institucións os obrigan a voar como corvos sobre os cadáveres, esgótanse e desmoralízanse. Nin o grande home de negocios nin o xuíz nin o avogado conservan o recto sentido: xa non senten, aplican as regras que falsean a natureza das cousas. Arrastrados pola súa torrencial existencia, non son nin esposos nin pais nin amantes; escorregan como nunha zorra sobre as cousas da vida e viven constantemente empurrados polos negocios da gran capital.

[]Cando volven ás súas casas, son requiridos para ir ao baile, á Ópera ou ás festas, onde van á procura de clientes, coñecidos ou protectores. Todos eles comen con desmesura, xogan, trasnoitan e as súas caras arredóndanse, achátanse, arróibanse. A tan terríbel dispendio de forzas intelectuais, a esas contraccións morais tan reiteradas, non opoñen o pracer, é demasiado pálido e non produce contraste ningún, senón o desenfreo, desenfreo secreto, espantoso, pois poden dispor de todo e estabelecen a moral da sociedade. A súa estupidez real agóchase baixo unha ciencia especial. Coñecen o seu oficio, mais ignoran todo o demais. Entón, para salvar o seu amor propio, cuestionan todo, critican ao torto e ao dereito; parecen incrédulos e en realidade son uns papaleisóns, afogan o seu espírito nas súas interminábeis discusións. Case todos adoptan alegremente os prexuízos sociais, literarios ou políticos para eximirse de ter unha opinión; do mesmo xeito que poñen as súas conciencias ao abeiro do código, ou do tribunal de comercio. Malia que se esforzan desde moi cedo para ser homes notábeis, acaban convertidos en persoas mediocres que se arrastran polos cumes do mundo. Por iso os seus rostros mostran esa palidez agre, esas coloracións falsas, eses ollos apagados, con olleiras, esas bocas charlatanas e sensuais onde o observador recoñece os síntomas do pensamento abastardado e a súa rotación na órbita dunha especialización que mata as facultades xenerativas do cerebro, o don de ver as cousas en grande, de xeneralizar e de deducir. Case todos encollen na caldeira dos negocios. Por iso, ningún dos que se deixou atrapar entre as pranchas da blindaxe ou na engrenaxe destas inmensas máquinas pode chegar a ser grande. Se é médico, exerceu pouco a medicina ou é unha excepción, un Bichat⁴ que morre novo. Se, tratándose dun gran home de negocios, consegue chegar a algo, pouco lle ha faltar para ser un Jacques Coeur⁵. Exerceu Robespierre? Danton era un preguiceiro que andaba ao axexo. Pero ademais, quen envexou algunha vez as figuras de Danton e de Robespierre, por moi soberbias que puidesen ser?

[]Estes atarefados por excelencia atraen cara a eles o diñeiro e amoréano para unirse ás familias aristocráticas. Se a ambición do obreiro é a do pequeno burgués, aquí vólvense atopar idénticas paixóns. En París, a vaidade resume todas as paixóns. O modelo desta clase ben podería ser o burgués ambicioso, que, despois dunha vida de angustias e de continuas manobras, accede ao Consello de Estado como unha formiga entra por unha fenda; ou algún redactor de periódico, con experiencia en intrigas, a quen o rei fai Par de Francia, quizais para se vingar da nobreza; ou ben algún notario que chegou a alcalde do seu distrito. Todos eles xente esmagada polos negocios que cando chegan ao seu obxectivo, se dan chegado, chegan *mortos*. En Francia, o costume é entronizar a perruca. Soamente

⁴ **Marie François Xavier Bichat** (Thoirette –Jura–, 14 de novembro de 1771 – París, 22 de xullo de 1802) é un médico, biólogo e fisiólogo francés renovador da anatomía patolóxica. (N. do T.)

⁵ **Jacques Coeur** (Bourges –capital do ducado de Berry–, c. 1400 – Illa de Quíos – posesión da República de Xénes no mar Exeo–, 25 de decembro de 1456) fillo dun rico mercador peleteiro de Bourges, casado con Mace de Léodepart. O seu matrimonio introduciu na corte do futuro Carlos IV, chegou a ser un importante home de negocios e amasar unha fortuna considerable. (N. do T.)

Napoleón, Luís XIV e os grandes reis quixeron sempre xente nova para dirixir os seus proxectos.

Por riba desta esfera vive o mundo dos artistas. Pero tamén aquí os rostros, marcados polo selo da orixinalidade, móstranse fatigados, sinuosos, rotos; iso si, nobremente rotos. Superados pola necesidade de crear, rebordados polas súas custosas fantasías, esgotados por un xenio devorador, ávidos de pracer, todos os artistas de París queren recuperar, por medio de traballos excesivos, as lagoas deixadas pola preguiza, e procuran inutilmente conciliar o mundo e a gloria, o diñeiro e a arte. Ao comezo, o artista anda sempre abafado pola presión dos acredores; as súas necesidades producen débedas e as súas débedas ocúpanlle as noites. Despois do traballo, o pracer. O comediante actúa ata a media noite, estuda pola mañá, ensaia ao mediodía; o escultor dobrégase baixo a súa estatua; o xornalista é un pensamento en marcha como o soldado na guerra; o pintor de moda está rendido de traballo, ao pintor sen traballo a inactividade róelle as entrañas se se considera persoa de xenio. A competencia, as rivalidades, as calumnias asasinan a estes talentos. Uns, desesperados, esfráganse nos abismos do vicio; outros morren novos e ignorados por ter gastado demasiado cedo o seu porvir. Poucas destas figuras, orixinariamente sublimes, permanecen belas. Por outro lado, a beleza resplandecente das súas cabezas fica incomprendida. Un rostro de artista sempre é exorbitante, atópase sempre por riba ou por baixo das liñas convidadas para aquilo que os imbéciles chaman a beleza ideal. Que poder os destrúe? A paixón. En París, toda paixón se resolve en dous termos: ouro e pracer.

Non respirades agora? Non sentides o ar e o espazo purificados? Aquí non hai traballos nin penalidades. A vertixinosa voluta do ouro acadou os cumes. Do fondo das bufardas onde comezan os seus regueiros, do fondo das tendas onde o reteñen febles diques, do interior dos mostradores e dos grandes laboratorios onde se deixa facer lingotes, o ouro, baixo a forma de dotes ou de herdanzas, guiado da man de mociñas novas ou das osudas mans do vello, flúe cara á aristocracia, onde vai relucir, exhibirse, chorrear. Pero antes de abandonar os catro terreos sobre os que se apoia a alta propiedade parisiense, despois das causas morais mencionadas, acaso sexa preciso deducir as causas físicas e facer observar unha peste, por dicir así, subxacente, que constantemente actúa sobre os rostros do porteiro, do tendeiro e do obreiro; sinalar unha deleteria influencia cuxa corrupción iguala á dos administradores parisienses, que a deixan subsistir con compracencia.

[]Se o ar das casas onde vive a maior parte dos burgueses é infecto, se a atmosfera das rúas cospe miasmas crueis nas reboticas onde o ar se enrarece; sabede que, ademais desta pestilencia, as corenta mil casas desta gran cidade bañan os pés en inmundicias que o poder aínda non quixo seriamente rodear con muros de formigón que puidesen impedir que a lama máis fétida se filtrase a través do solo, empezoñase os pozos e continuase mantendo subteraneamente Lutecia no seu nome célebre. A metade de París déitase nas exhalacións pútridas dos patios, das rúas e dos pozos negros. Mais abordemos os grandes salóns aireados e dourados, os palacios con xardíns; o mundo rico, ocioso, feliz e rendeiro. Aquí, as caras móstranse murchas e roídas pola vaidade. Nada é real. Buscar o pracer, non é atopar o fastío? A xente de mundo bruniu cedo a súa natureza. Ao non teren outra ocupación senón procurar o propio pracer, axiña abusaron dos seus sentidos, como o obreiro abusa da augardente. O pracer é como certas substancias médicas: para seguir obtendo decote os mesmos efectos, cómpre dobrar as doses; e a morte ou o embrutecemento están contidos na derradeira. Todas as clases inferiores se prostran diante dos ricos e axexan os seus gustos para convertelos en vicios e explotalos. Como resistir as hábiles seducións que se traman neste país? Tamén París ten as súas triagas, nas que o xogo, a devoción polos praceres culinarios ou as cortesás son o opio. Por iso, desde moi cedo atoparedes nesta xente gustos e non paixóns, fantasías novelescas e amores timoratos. Aquí reina a impotencia; xa

non quedan ideas, estas, como a enerxía, permanecen só nas garatuxas do tocador ou nas afectacións das mulleres. Pódense atopar principiantes de corenta anos e proxectos doutores de dezaseis. Os ricos encontran en París enxeño de confección, ciencia completamente mastigada, opinións perfectamente formuladas, que os dispensan de ter enxeño, ciencia ou opinión. Neste mundo o desatino iguala á fraqueza e á libertinaxe. Fanse avaros do tempo a forza de perdelo. Non pensedes que ides atopar máis afectos que ideas. As apertas agochan unha profunda indiferenza e a cortesía un continuo desprezo. Ninguén ama nunca ao seu próximo. Ocorrencias frívolas, indiscrecións a oito, rexoubas e sobre todo lugares comúns. Así é o fondo da súa linguaxe; mais estes pobres *Ricos* aseguran que non se reúnen para dicir e facer máximas ao xeito de La Rochefoucauld; como se non existise un punto medio, atopado no século XVIII, entre o demasiado cheo e o baleiro absoluto. Se algúns homes de talento empregan un humor fino e lixeiro, ninguén os entende; axiña, cansos de dar sen recibir, fican na casa e deixan que os parvos reinen no seu terreo.

[]Esta vida baleira, esta espera continua dun pracer que nunca dá chegado, este fastío permanente, esta inanidade de espírito, de corazón e de cerebro, esta lasitude do gran serán parisiense maniféstanse nos trazos e moldean eses rostros de cartón, esas engurras prematuras, esa fisionomía dos ricos onde acena a impotencia, onde se reflicte o ouro e de onde fuxiu a intelixencia.

Esta visión do París moral demostra que o París físico non podería ser doutro xeito. Esta cidade con diadema é unha raíña que, sempre grávida, ten antollos irresistiblemente furiosos. París é a cabeza do globo, un cerebro que escacha de xenio e guía a civilización humana, un gran home, un artista decontino creador, un político sagaz, que debe ter necesariamente as engurras do cerebro, os vicios do grande home, as fantasías do artista e os aburrimentos do político. A súa fisionomía deixa entrever a xerminación do ben e do mal, o combate e a vitoria, a batalla moral do 89, cuxas trompetas resoan aínda en todos os recantos do mundo, e tamén o abatemento de 1814. Esta cidade non pode pois ser máis moral, nin máis cordial, nin máis limpa que a caldeira motriz deses magníficos piróscafos que podedes admirar fendendo as ondas. Acaso non é París unha sublime nave cargada de intelixencia? Si, as súas armas son un deses oráculos que ás veces consente o destino. A cidade de París ten o seu gran mastro, todo el de bronce, esculpido de vitorias, e por vixía a Napoleón. Esta nave ten tamén o seu cabeceo e o seu balance, mais suca o mundo, fai fogo polas cen bocas das súas tribunas, labra os mares da ciencia, navega a toda vela e berra desde o alto das súas gabias pola voz dos seus sabios e dos seus artistas: –«Avante, en marcha, seguideme!» Leva unha tripulación inmensa que se comprace en empavesala de novas bandeirolas. Hai grumetes e mozos rindo nas enxarcias; tamén lastre de pesada burguesía; obreiros e mariñeiros embreados; os ricos pasaxeiros nos seus camarotes; elegantes gardas mariñas fuman os seus cigarros debuzados sobre a borda; na cuberta, os soldados, audaces ou ambiciosos, van abordar todas as ribeiras e, mentres derraman sobre elas brillantes resplandores, procuran a gloria, que é un pracer, ou amores que queren ouro.

Xa que logo, o movemento desorbitado dos proletarios, a depravación dos intereses que esmagan as dúas burguesías, as crueldades do pensamento artista e os excesos do pracer buscado arreo polos grandes, explican a fealdade ordinaria da fisionomía parisiense. Soamente en Oriente ofrece a raza humana un magnífico aspecto; pero é o resultado da calma constante que manifestan eses profundos filósofos de pipa longa, pernas curtas e torsos cadrados, que desprezan o movemento, polo que senten horror; mentres que en París, Pequenos, Medianos e Grandes corren, saltan e dan pinchacarneiros, fustrigados por unha desapiadada deusa, a Necesidade: necesidade de cartos, de gloria ou de diversión. Por iso un rostro fresco, descansado, gracioso, verdadeiramente novo é aquí a máis

extraordinaria das excepcións. Atópase raramente. Se vedes un, seguramente pertence a un eclesiástico novo e fervente, ou a algún bo abade cuadraxenario, cunha boa papada; a unha persoa nova de costumes puros, coa educación propia de certas familias burguesas; a unha nai de vinte anos, aínda chea de ilusións e que aleita o seu primoxénito; a un mozo louzán recentemente chegado de provincias e confiado a unha viúva devota que o deixa sen un can; ou quizais a algún dependente, que se deita á media noite, esgotado de pregar e despregar pezas de calicó, e que se ergue ás sete para arranxar o trinque; ou, a miúdo, a un home de ciencia ou de poesía, que vive monasticamente en boa harmonía cunha idea bela, que leva unha existencia sobria, paciente e casta; ou a algún parvo, oufano de si mesmo, alimentándose de estupidez, rebordando saúde, sempre ocupado en sorrir para si propio; ou á feliz e mol especie dos ociosos paseantes, as únicas persoas realmente felices en París, e que degustan a calquera hora a súa cambiante poesía.

[]No entanto, hai en París unha porción de seres privilexiados aos que aproveita este movemento excesivo de invencións, de intereses, de negocios, de artes e de ouro. Estes seres son as mulleres. Malia que teñan tamén mil causas secretas que, aquí máis que en ningunha outra parte, destrúen a súa fisionomía, no mundo feminino atópanse pequenas tribos afortunadas que viven á oriental, e poden conservar a súa beleza; mais estas mulleres raramente se mostran a pé polas rúas, viven agochadas, como plantas raras que non despregan os seus pétalos máis que a certas horas e que constitúen verdadeiras excepcións exóticas.

[]Non obstante, París tamén é esencialmente o país dos contrastes. Se ben os sentimentos verdadeiros son raros, aínda se atopan, aquí como noutras partes, nobres amizades e adhesións sen límites. Neste campo de batalla dos intereses e das paixóns –ao igual que no medio desas sociedades en marcha onde triúnfalo egoísmo, onde cada un está obrigado a se defender por si mesmo, e que chamamos *exércitos*– semella que os sentimentos se compracen en ser perfectos nas súas manifestacións, e son sublimes por xustaposición. Como sucede coas caras. En París, ás veces –moi poucas veces–, vense na alta aristocracia algúns rostros engaiolantes de xente nova, froito dunha educación e duns costumes completamente excepcionais. Á xuvenil beleza do sangue inglés unen a firmeza dos trazos meridionais, o espírito francés e a pureza da forma. O lume dos seus ollos, un delicioso roibén nos beizos, o negro lustroso da súa cabeleira fina, unha cute branca e un corte de cara distinguido convértenos en fermosas flores humanas, de magnífica aparencia ao sobresaíren na masa das outras fisionomías, sen lustre, avellentadas, ganchudas, xesticulantes. Por iso, as mulleres non tardan en admirar a esa mocidade co pracer ávido que experimentan os homes ao ver unha persoa bela, decente, graciosa, adornada con todas as venustades coas que a nosa imaxinación se recrea para embelecer a moza perfecta.

Se esta ollada rápida deitada sobre a poboación de París serviu para dar idea do raro que resulta atopar un rostro rafaelesco e a admiración apaixonada que debe inspirar á primeira vista, o principal interese da nosa historia quedará xustificad. *Quod erat demonstrandum*, que era o que había que demostrar, se se nos permite aplicar as formulas da escolástica á ciencia dos costumes.

Agora ben, nunha desas fermosas mañás de primavera, cando as follas aínda non están verdes, aínda que si despregadas; nas que o sol comeza a facer flamexar os teitos e o ceo é azul; nas que a poboación parisiense sae dos seus casulos, vén zumbando polos bulevares, esvara como unha serpe de mil cores pola rúa da Paz cara ás Tullerías mentres saúda as pompas do himeneo que a natureza celebra outra volta; nunha desas gozosas xornadas pois, un mozo, fermoso como aquel día, vestido con elegancia, de maneiras desinhibidas, (revelemos o segredo) un fillo

do amor, o fillo natural de lord Dudley e da celebre marquesa de Vordac, paseaba pola grande avenida das Tullerías.

[] Este Adonis, chamado Henri de Marsay, nacera en Francia, a onde lord Dudley viñera casar a moza, xa nai de Henri, cun vello xentilhome chamado señor De Marsay. Este moscón, distinguido e case extinguido, recoñeceu o fillo como propio, en troca do usufruto dunha renda de cen mil francos atribuída definitivamente ao seu fillo putativo; loucura que non lle custou moi cara a lord Dudley: as rendas francesas valían daquela dezasete francos con cincuenta céntimos. O vello xentilhome morreu sen ter coñecido a súa muller. A señora De Marsay casou despois co marqués de Vordac, mais antes de converterse en marquesa, preocupouse pouco do seu fillo e de lord Dudley. Primeiro, a guerra declarada entre Francia e Inglaterra separara os dous amantes, e a fidelidade *malia todo* non estaba e non estará nunca de moda en París. Despois, os éxitos da muller elegante, fermosa e universalmente adorada distraeron na Parisiense o sentimento maternal. Lord Dudley non foi máis coidadoso co seu cativo do que o fora a nai. A rápida infidelidade dunha moza amada ardentemente talvez lle inspirou unha especie de aversión por todo o que dela procedese. De por parte, se cadra os pais só queren os nenos que coñecen en profundidade; crenza social da máis alta importancia para a tranquilidade das familias e que deben albergar todos os solteiros, proba de que a paternidade é un sentimento criado en invernadoiro pola muller, os costumes e as leis.

O pobre Henri de Marsay só atopou un pai naquel dos dous que non estaban obrigado a selo. A paternidade do señor De Marsay foi naturalmente moi incompleta. Na orde natural, os nenos soamente teñen pai durante poucos momentos, e o xentilhome imitou a natureza. O pobre home non tería vendido o seu nome se non tivese ningún vicio. Daquela, comeu sen remorsos nos garitos e bebeu nas tabernas o pouco que pagaba aos rendeiros o tesouro nacional por semestre. Despois deixou o neno a unha irmá anciá, a señorita De Marsay, que o coidou con esmero e púxolle, coa escasa pensión asignada polo seu irmán, un preceptor, un abade sen un peso, que calculou o porvir do mozo e resolveu pagarse, a conta das cen mil libras de renda, os coidados dispensados ao seu pupilo, ao que lle colleu afecto.

[] Este preceptor cadrou que era, por casualidade, un verdadeiro cura, un deses eclesiásticos cortados para chegaren a cardeais en Francia ou Borgia baixo a tiara. En tres anos, aprendeulle ao neno o que lle tiñan que ter aprendido en dez no colexio. Despois este bo home, chamado o abade de Maronis, concluíu a educación do seu pupilo facéndolle estudar a civilización baixo todas as súas formas. Alimentouno coa súa experiencia, fíxoo ir moi pouco ás igrexas, daquela pechadas, paseouno ás veces entre bastidores e máis a miúdo polas casas das cortesás, desmontoulle os sentimentos humanos peza por peza, ensinoulle a política no corazón dos salóns onde se cocía daquela, enumeroulle as máquinas do goberno e tentou, por amizade cara unha bela natureza desleixada, mais rica en esperanza, substituír virilmente a nai: non é acaso a Igrexa a nai dos orfos? O pupilo respondeu a tantos coidados.

[] Ese home digno morreu bispo en 1812, coa satisfacción de ter deixado baixo o ceo un neno cuxo corazón e espírito estaban, aos dezaseis anos, tan ben aproveitados que podía meter medo a un home de corenta. Quen esperaría encontrar un corazón de bronce, un cerebro alcoholizado baixo unha aparencia máis sedutora que a que os vellos pintores, aqueles artistas naifs, lle deran á serpe no paraíso terreal?

[] Iso aínda non é nada. Ademais, o bo diaño violeta fixera que o seu neno predilecto establecera certas amizades na alta sociedade de París que podían

equivaler como produto, entre as mans do mozo, a outras cen mil libras de renda. En fin, este sacerdote, vicioso pero político, incrédulo pero sabio, pérfido pero amábel, feble en aparencia pero tan vigoroso de cabeza como de corpo, foi tan verdadeiramente útil ao seu pupilo, tan compracente cos seus vicios, tan bo calculador de toda clase de forza, tan profundo cando cumpría facer algún balance humano, tan mozo na mesa, en Frascati, en... non sei onde, que o agradecido Henri de Marsay xa case non se entenrecería, en 1814, máis que coa contemplación do retrato do seu querido bispo, o único obxecto mobiliario que puido legarlle este prelado, admirábel tipo deses homes cuxo xenio salvará á Igrexa católica, apostólica e romana, comprometida nese momento pola debilidade dos seus neófitos e pola vellez dos seus pontífices; mais así o quere a Igrexa.

[]A guerra continental impediu ao mozo De Marsay coñecer o seu verdadeiro pai de quen probablemente non soubese o nome. Fillo abandonado, non coñeceu tampouco á señora De Marsay. Naturalmente, tivo moi pouca morriña do seu pai putativo. En canto á señorita De Marsay, a súa única nai, fíxolle erixir no cemiterio Père-Lachaise, á súa morte, un panteonciño moi fermoso. Monseñor de Maronis garantira a aquela vella solteirona un dos mellores lugares no ceo, de maneira que, véndoa morrer feliz, Henri dedicoulle unhas bágoas egoístas e púxose a chorala por si mesmo. Ao ver esa dor, o abade enxugou as bágoas do seu pupilo, facéndolle observar que a boa moza consumía tabaco de xeito moi noxento, e chegaba a ser tan fea, tan xorda e tan prosmeira, que debía dar grazas á morte. O bispo fixera emancipar o seu pupilo en 1811. Despois, cando a nai do señor De Marsay volveu casar, o cura escolleu, nun consello de familia, a un deses honestos acéfalos escollidos trala gradicela do confesionario, e encargoulle a administración da fortuna, cuxas rendas destinaba axeitadamente ás necesidades da comunidade, pero cuxo capital quería conservar.

Contra a fin de 1814, Henri de Marsay non tiña ningún compromiso sentimental na terra e atopábase tan ceibe como un paxaro sen compañía. Aínda que tivese vinte e dous anos cumpridos, parecía ter apenas dezasete. Polo xeral, os máis duros dos seus rivais considerábano como o mozo máis fermoso de París. Do seu pai, lord Dudley, herdara os ollos azuis máis amorosamente engaiolantes; da súa nai, a cabeleira negra máis frondosa; de ambos, un sangue puro, unha pel de mocíña, un ar doce e modesto, un talle fino e aristocrático e unhas mans moi belas. As mulleres volvíanse tolas por el en canto o vían; era como concibir un deses desexos que morden o corazón, mais que se esquecen por imposíbeis, sabedes de que vos falo?, porque, polo xeral, a muller en París non é nada tenaz. Poucas hai que digan para si, á maneira dos homes, o "EU MANTEREI" da casa de Orange.

[]Baixo esta frescura de vida e malia a auga límpida dos seus ollos, Henri tiña a coraxe dun león e a habilidade dun mono. Cortaba unha bala a dez pasos na folla dun coitelo, montaba a cabalo facendo real a fábula do centauro; conducía con graza un coche de renda longa; era grácil como un querubín e tranquilo como un cordeiro; mais era quen de vencer a un home do arrabalde ao terríbel xogo do boxeo francés ou do bastón. Ademais, tocaba o piano cun xeito que lle permitiría facerse artista se caera en desgraza, e posuía unha voz pola que Barbaja⁶ lle pagaría cincuenta mil francos por temporada. Infelizmente, todas estas belas calidades, estes fermosos defectos estaban embazados por un vicio espantoso: non cría nos homes nin nas mulleres, nin en Deus nin no demo. A caprichosa natureza comezara a dotalo; un cura rematara o traballo.

[]Para facer comprensíbel esta aventura, é necesario engadir aquí que lord Dudley atopou, naturalmente, moitas mulleres dispostas a facer algunha copia de tan

⁶ **Domenico Barbaja** o **Barbaia** (Milán, 1778 – Posillipo, 16 de outubro de 1841) é o maior empresario operístico do momento. (N. do T.)

delicioso retrato. A súa segunda obra mestra neste xénero foi unha mociña chamada Eufemia, nada dunha dama española, educada na Habana, levada a Madrid cunha moza crioula das Antillas e cos ruinosos gustos das colonias; mais felizmente casada cun vello e poderosamente rico señor español, don Hijos, marqués de San Real, quen, desde a ocupación de España polas tropas francesas, fixara a súa residencia en París, na rúa Saint-Lazare.

[] Tanto por desleixamento como por respecto pola inocencia da mocidade, lord Dudley non deu nin a máis mínima información aos seus fillos dos parentescos que lles creaba aquí e acolá. Isto é un lixeiro inconveniente da civilización; ten tantas vantaxes que cómpre perdoarlle os seus trastornos en favor dos seus beneficios. Lord Dudley, para non falar máis disto, veu refuxiarse a París en 1816, a fin de evitar a persecución da xustiza inglesa, que, do Oriente, só protexe as mercadorías. O lord viaxeiro preguntou quen era aquel fermoso mozo, ao ver a Henri. Despois, ao coñecerlle o nome, exclamou:

-Ah, é o meu fillo! Que desgraza!

Tal era a historia do mozo que, contra mediados do mes de abril de 1815, percorría con indolencia a grande alameda das Tullerías, ao xeito de todos os animais que, conscientes das súas forzas, camiñan mostrando paz e maxestividade. Os burgueses virábanse inxenuamente para seguilo coa vista, as mulleres non se viraban, esperábano á volta, e gravaban na súa memoria, para lembráreno á vontade, aquel suave rostro que non tería desmellorado o corpo da máis bela de entre elas.

-Logo que fas aquí o domingo? dixo o marqués de Ronquerolles a Henri ao atopalo.

- Hai peixe na nasa, respondeu o mozo.

Este intercambio de impresións fíxose mediante dúas significativas olladas e sen que, nin Ronquerolles nin De Marsay, desen a impresión de recoñecerse. O mozo examinaba os paseantes, con esa rapidez de ollo e oído propia do parisiense, que parece, de primeiras, que non ve nada nin oe nada, mais que ve e oe todo. Nese momento, un mozo achegouse a el, colleuno familiarmente polo brazo e díxolle:

[]- Como vai iso, meu bo De Marsay?

- Pois moi ben, respondeulle De Marsay cun ar aparentemente afectuoso, mais que entre a mocidade parisiense non demostra nada, nin no presente nin de cara o futuro.

En efecto, os mozos de París non se asemellan aos mozos de ningunha outra cidade. Divídense en dúas clases: o mozo que ten algo, e o mozo que non ten nada; ou o mozo que pensa e o que gasta. Pero entendámolo ben, estámonos referindo só a eses indíxenas que levan en París o delicioso ritmo dunha vida elegante. Existe tamén outro tipo de mozos, mais eses son uns nenos que captan moi tarde a existencia parisiense e son vítimas do seu engano. Non especulan, estudan, chapan, din os outros. Por último, atópanse tamén certos mozos, ricos ou pobres, que emprenden carreiras e séguenas sen rodeos; son un pouco como o Emilio de Rousseau, carne de cidadán, e non aparecen nunca en sociedade. Os diplomáticos chámanlles necios con descortesía. Necios ou non, aumentan o número desas xentes mediocres baixo cuxo peso se dobra Francia. Sempre están aí; sempre prestos para botar a perder os negocios públicos ou particulares, coa anódina paleta da mediocridade, alardeando da súa impotencia, que eles chaman bos costumes e probidade. Esta especie de *Matrículas de honra* sociais infestan a administración, o exército, a maxistratura, as cámaras, a corte. Empequenecen o

país, fano máis vulgar e constitúen, dalgunha maneira, unha linfa no corpo político que o sobrecarga e o deixa brando como pedra mol. Estas honestas persoas alcuman de inmorais ou pillos á xente de talento. Se estes pillos lles pagan os servizos que lles prestan, será que polo menos serven para algo; en tanto que, aqueles, son nocivos e mais son respectados pola masa; pero felizmente para Francia, a mocidade elegante estigmatízaos sen cesar aplicándolles o nome de pailáns.

Así pois, á primeira ollada poden parecer moi distintas estas dúas clases de mozos de vida elegante; estimable corporación á que pertencía Henri de Marsay. Mais os observadores que non se deteñen na codia das cousas axiña se convencen de que as diferenzas son puramente morais, e que nada hai tan enganoso como esta fermosa cortiza. Non obstante, uns e outros gáñanlle pola man a calquera; falan, a torto e a dereito, das cousas, dos homes, de literatura, de belas artes; teñen sempre na boca o *Pitt e Cobourg*⁷ de cada ano; interrompen unha conversa cun xogo de palabras; poñen en ridículo á ciencia e aos sabios; desprezan todo o que non coñecen ou todo o que temen; e ademais, póñense por riba de todo, erixíndose en xuíces supremos de todo. Enganarían aos seus pais e estarían dispostos a verter lágrimas de crocodilo no colo da súas propias nais; mais xeralmente non cren en nada, murmuran das mulleres, ou finxen modestia, e obedecen en realidade a unha má cortesá ou a algunha vella. Están todos igual de podres ata os ósos polo cálculo, pola depravación, por unha brutal ansia de medrar, e se estivesen ameazados polo mal da pedra, ao sondalos habíannlle atopar a todos, no corazón. En estado normal, mostran a máis fermosa das aparencias, por calquera cousa poñen a amizade en xogo e son absolutamente arrebatadores. A mesma chanza domina os seus cambiantes argots; tenden á extravagancia na súa indumentaria, glórianse de repetir as parvadas de calquera actor de moda, e enfróntanse con quen sexa por desprezo ou impertinencia para ter, dalgunha maneira, a primeira man nese xogo; pero, pobre de quen non sabe deixarse sacar un ollo para lles sacar os dous a eles. Todos semellan por igual indiferentes ás desgrazas da patria e ás súas calamidades. En fin, todos se semellan ben á fermosa foula branca que coroa a marusía das tempestades. Vístense, cean, bailan, divírtense o día da batalla de Waterloo, durante o cólera ou durante unha revolución. Por último, todos gastan o mesmo; mais aquí comeza unha separación infranqueábel como dúas liñas paralelas. Desta fortuna, flutuante e agradablemente dilapidada, uns posúen o capital e os outros espéranos; teñen os mesmos xastres, mais as facturas destoutros están sen pagar. Ademais, se uns reciben toda clase de ideas sen reter ningunha, coma se fosen cribos; os outros compáranas e asimilan as boas. Se uns cren saber algo, non saben nada e compréndeno todo; emprestan todo a quen non ten necesidade e non ofrecen nada aos necesitados; os outros estudan en segredo os pensamentos alleos, e invisten tanto o seu diñeiro como as súas loucuras a elevados xuros. Uns xa non teñen impresións fieis, porque a súa alma, como un vaso luído polo uso, xa non reflicte ningunha imaxe; os outros economizan o sentido e a vida parecendo talmente que a tiran, como aqueles, pola xanela. Os primeiros, na fe dunha esperanza, conságranse sen convicción a un sistema que remonta a corrente co vento a favor, mais saltan dunha a outra embarcación política, cando a primeira vai á deriva; os segundos avalían o futuro, sóndano e ven na fidelidade política o que os ingleses ven na probidade comercial, un elemento de éxito. Mais onde o mozo que ten algo se permite un xogo de palabras ou unha frase enxeñosa sobre a caída da monarquía; o que non ten nada, fai un cálculo público ou unha mesquindade privada, e consegue ascender chocándolles a man aos seus amigos. Uns nunca cren na capacidade dos outros, consideran orixinais todas as súas propias ideas, como se o mundo fora creado de véspera, teñen unha confianza ilimitada neles mesmos, e non teñen inimigo máis cruel ca eles mesmos. Mais os

⁷ Referencia a **William Pitt**, primeiro ministro británico, e **Frédéric Josias de Saxe-Cobourg-Saafeld**, príncipe e xeneral austríaco. Durante moito tempo, estes nomes foron obxecto do odio nacional en Francia e convertéronse, baixo o Terror, no símbolo da coalición de Europa contra a Revolución. (N. do T.)

outros manifestan unha continua desconfianza nos homes que estiman polo seu valor, e son abondo profundos para ter un pensamento máis que os seus amigos aos que explotan; entón, pola noite, cando a súa cabeza repousa sobre a almofada, sopesan aos homes como un avaro pesa as súas moedas de ouro. Uns incomódanse por unha impertinencia nimia e sométense as burlas dos diplomáticos que os fan posar diante deles tirando do fío principal deses monifates: o amor propio; en tanto que os outros se fan respectar e escollen as súas vítimas e os seus protectores. Entón, un día, os que non tiñan nada teñen algo, e os que tiñan algo non teñen nada. Estes consideran aos camaradas que ascenderon na súa posición como hipócritas, persoas de mal corazón, mais tamén como homes listos. –É moi listo!... é o maior eloxio dirixido aos que deron chegado, *quibuscumque viis*, á política, a unha muller ou a unha fortuna. Entre eles, atópanse algúns mozos que representan ese papel comezando polas débedas e, naturalmente, son mais perigosos que os que o representan sen ter un peso.

[]O que se consideraba amigo de Henri de Marsay era un deses incautos rapaces novos, chegado de provincias, a quen os mozos que daquela estaban á última lle aprenderan a arte de malgastar limpamente unha herdanza. Mais quedáballe un derradeiro bocado que comer na súa provincia, unha propiedade segura. Era simplemente un herdeiro que pasara sen transición dos seus míseros cen francos mensuais a toda a fortuna paterna, e que, se ben non tiña intelixencia abonda para decatarse de que se mofaban del, sabía o suficiente de contabilidade para deterse aos dous terzos do seu capital. Viña descubrir en París, mediante algúns billetes de mil francos, o valor exacto dos arneses, a arte de non respectar demasiado as súas luvas, escoitar sabias meditacións acerca dos peñores que dar á xente e buscar que falcatruada era a máis vantaxosa para liquidalos; apreciaba moito poder falar con propiedade dos seus cabalos, do seu can dos Pireneos; recoñecer segundo o porte, o xeito de andar, o calzado, a que clase pertencía unha muller; aprender a xogar ao descarte, lembrar algunhas palabras de moda, conseguir, mercé á súa estadía no mundo parisiense, a autoridade necesaria para introducir máis tarde en provincias o gusto polo té, a vaixela de prata ao estilo inglés e, por último, arrogarse o dereito de desprezar todo ao seu redor durante o resto dos seus días.

[]De Marsay concedéralle a súa amizade para servirse del na sociedade, como un especulador intrépido se serve dun empregado de confianza. A amizade falsa ou verdadeira de De Marsay era unha cuestión social para Paul de Manerville quen, pola súa banda, considerábase listo explotando á súa maneira ao seu íntimo amigo. Era a imaxe especular do seu amigo, acubillábase a miúdo baixo o seu paraugas, calzaba as súas botas e dourábase cos seus raios. Póndose preto de Henri, ou mesmo andando ao seu carón, parecía dicir: “Non nos insultedes, somos verdadeiros tigres!”. A miúdo permitíase dicir con fatuidade: “Se lle pedise calquera cousa a Henri, é amigo meu abondo para facela...” Mais tiña coidado de non lle pedir nunca nada. Temíao, e o seu temor, aínda que imperceptíbel, influía sobre os outros e éralle útil a De Marsay. –“É un home nobre como De Marsay”, dicía Paul. “Ah, ah!, xa veredes, será o que queira ser. Non me estrañaría atopalo un día como ministro de Asuntos Exteriores. Nada se lle resiste”. Despois facía de De Marsay o que o cabo Trim⁸ facía da súa gorra, unha aposta permanente: “Preguntádelle a De Marsay, e veredes!”

Ou ben: “O outro día, estabamos cazando, De Marsay e mais eu, non o quería crer, saltei unha sebe sen moverme do cabalo!”

Ou ben: “Estabamos, De Marsay e mais eu, na casa dunhas mulleres, e, palabra de honor, estaba...” Así, Paul de Manerville no se podía catalogar máis que dentro da

⁸ Alusión a un personaxe da novela do escritor irlandés Laurence Sterne (1713-1768) *Vida e opinións do cabaleiro Tristram Shandy*. (N. do T.)

grande, ilustre e poderosa familia dos necios que fan carreira. Debería ser deputado algún día. Polo momento non era nin sequera un mozo. O seu amigo De Marsay definíao así: "Preguntádesme que é Paul? Paul... é Paul de Manerville".

- Sorpréndeme, amigo meu -díxolle a De Marsay-, atopalo por aquí o domingo.

- Ía facerche a mesma pregunta.

-Unha intriga?

- Unha intriga.

-Bah!

- A ti pódoo contar sen comprometer a miña paixón. Ademais, unha muller que vén o domingo ás Tullerías non ten valor, aristocraticamente falando.

-Ha, ha!

- Cala, ou xa non che digo máis nada. Ris demasiado forte, van pensar que comemos demasiado. O xoves pasado, paseaba despreocupadamente por aquí mesmo, pola terraza dos Feuillants. Mais ao chegar á reixa da rúa Castiglione, pola cal pensaba irme, topei de fronte cunha muller, ou máis ben cunha moza que, se non me saltou ao pescozo foi, penso eu, menos por respecto que por un deses profundos aglaios que pexan brazos e pernas, descenden por todo o fío do lombo e detéñense na planta dos pés para deixarnos chantados. Con frecuencia produzo efectos dese tipo, unha especie de magnetismo animal que chega a ser moi poderoso cando as relacións son de atracción mutua. Mais, amigo meu, aquilo non era nin unha estupefacción nin unha rapariga vulgar. Moralmente falando, o seu rostro parecía dicir: "Velaquí o meu ideal, o ser dos meus pensamentos, dos meus soños da noite e da mañá. Que fas aquí? Por que esta mañá? Por que non onte? Tómame, son túa, *et cetera!*" "Ben -dixen para min mesmo-, outra máis!" Obsérvoa con atención. Ah! Amigo meu, fisicamente, a descoñecida é a persoa máis adorabelmente feminina que teña atopado nunca. Pertence a esa variedade de muller que os romanos chamaban *fulva, flava*, a muller de lume. E para empezar, o que máis me impresionou, o que aínda me ten engaiolado, son dous ollos amarelos como os dos tigres; un amarelo de ouro que brilla, ouro vivo, ouro que pensa, ouro que ama e quere con toda certeza introducirse na miña faldriqueira!

-É todo o que sabemos, amigo meu!, exclamou Paul. Vén ás veces por aquí, é a *Moza dos ollos de ouro*. Así é como lle chamamos. É unha rapaza que anda polos vinte e dous anos e vira cando os Borbóns vivían aquí, pero cunha muller que vale cen mil veces máis ca ela.

-Cala, Paul! É imposible que ningunha muller supere a esta moza semellante a unha gatiña que desexa vir refregarase nas nosas pernas; unha moza branca de cabelos de cinza, delicada en aparencia, mais que debe ter a terceira falanxe dos dedos cuberta de fíos de algodón e unha lanuxe branca ao longo das meixelas cuxa liña, luminosa nun día claro, comeza nas orellas e pérdese no pescozo.

- Pero a outra, querido De Marsay! Tenlle uns ollos negros que nunca choraron, pero abrasadores; unhas cellas negras que se xuntan dándolle un ar de dureza desmentida polo urdido dos seus beizos, sobre os que non fica un beixo, uns beizos ardentes e frescos; unha cute mouroa na cal quece un home como ao sol; mais, palabra de honor, imítaseche...

- Estás a gábalala!

- Un porte esvelto, o porte lanzal dunha corveta construída para armar en corso, e que se abalanza sobre o barco mercante con impetuosidade francesa, mórdeo e afúndeo en dous tempos.

- En fin, meu amigo, que me importa unha muller á que nunca vin? -continuou De Marsay-. Desde que estudo as mulleres, a miña descoñecida é a única cuxo seo virxe, cuxas formas ardentes e voluptuosas fixeron realidade a única muller coa que soñei eu! É o orixinal da delirante pintura titulada *a muller aloumiñando a súa quimera*, a máis cálida, a máis infernal inspiración do xenio antigo; santa poesía prostituída por aqueles que a copiaron nos frescos e mosaicos para un fato de burgueses que non ven neste camafeo máis que unha bagatela e cólgana dos bagullos dos seus reloxos, malia que é a muller total: un abismo de praceres onde un se precipita sen atopar fondo; malia que é unha muller ideal que se atopa algunha vez na realidade en España, en Italia, case nunca en Francia. Pois ben, volví ver a esa moza dos ollos de ouro, esa muller aloumiñando a súa quimera; volví ver aquí o venres. Presentía que ao día seguinte volvería á mesma hora. Non me equivocaba. Compracínme en seguila sen que me vise, en estudar ese andar indolente da muller desocupada, pero en cuxos movementos se adiviña a voluptuosidade latente. Pois ben, virouse, viume, adoroume outra vez, estremeceu outra vez, con axitación. Entón reparei na verdadeira *dueña* española que a protexe, unha hiena á cal un ciumento lle puxo un vestido, unha diaña ben pagada para protexer esta suave criatura... Oh! daquela, a *dueña* deixoume máis que namorado, acendeu a miña curiosidade. O sábado, ninguén. Velaquí me tes hoxe, agardando a esa moza de quen son a súa quimera, e sen pedir outra cousa que posar como o monstro do fresco.

- Aí a vén, dixo Paul, todo o mundo vira a cabeza para vela...

A descoñecida arrubiou, os seus ollos escintilaron ao percibir a Henri, pechounos e pasou.

-Dis que se fixa en ti?, exclamou burleiro Paul de Manerville. A ama ollou en fite e con atención os dous mozos.

Cando a descoñecida e Henri se volveron atopar, a moza rozouno e apertou, coa súa man, a man do mozo. Despois, virouse e sorriu con paixón; mais a ama arrastrouna con rapidez cara a reixa da rúa Castiglione.

[] Os dous amigos seguiron a moza, admirando o torneado magnífico daquel pescozo, unido á cabeza por unha combinación de vigorosas liñas, e de onde se levantaban con forza algúns bucles de finos cabelos. A moza dos ollos de ouro tiña ese pé firme, miúdo e curvado, que ofrece tanto atractivo ás imaxinacións apaixonadas. Ademais, ía elegantemente calzada e levaba un vestido curto. Durante o traxecto, virouse de cando en vez para ollar a Henri, e pareceu seguir a contragusto á vella, da que semellaba ser asemade a señora e a escrava: podía mandar que a mallasen, mais non mandala marchar. Todo iso saltaba á vista.

[] Os dous amigos chegaron perante a reixa. Dous paxes de librea despregaban o chanzo dun elegante cupé, cargado de escudos nobiliarios. A moza dos ollos de ouro subiu de primeira, ocupou o lado no que podería ser vista cando o coche virase, puxo a man sobre o portelo e axitou o pano, a escuso da ama, burlándose do *que dirán* dos curiosos e dicíndolle a Henri publicamente, acenando co pano: "Sígame..."

– Viches algunha vez acenar mellor co pano?, dixo Henri a Paul de Manerville. A continuación, ao reparar nun coche de punto, que trouxera uns pasaxeiros, preparado para marchar, fíxolle un sinal ao cocheiro para que esperase.

– Siga a ese cupé, vexa en que rúa e en que casa entra; dareille dez francos.

– Adeus, Paul.

O coche de punto seguiu ao cupé. Este, ao chegar á rúa Saint-Lazare, entrou nunha das máis belas mansións daquel barrio.

CAPÍTULO II – SORTE EXTRAORDINARIA

De Marsay non era un imprudente. Outro calquera tería obedecido ao desexo de procurar inmediatamente algunhas informacións sobre unha moza que encarnaba á perfección os máis luminosos ideais expresados pola poesía oriental acerca das mulleres; pero, demasiado hábil para comprometer así o porvir da súa boa sorte, díxerlle ao seu cocheiro que continuase pola rúa Saint-Lazare, e que o conducise á súa residencia. O día seguinte, o seu primeiro axuda de cámara, chamado Laurent, rapaz astuto como un Frontin da comedia antiga, agardou nos arredores da casa na que vivía a descoñecida a hora do reparto do correo. A fin de poder axexar comodamente e roldar ao redor da mansión, seguindo o costume dos policíaes que queren disfrazarse ben, mercara a vestimenta dun auvernés, tentando imitar a súa fisionomía. Cando o carteiro que aquela mañá facía o servizo da rúa Saint-Lazare deu en pasar, Laurent finxiu ser un recadeiro con dificultades para lembrar o nome dunha persoa á que lle debía entregar un paquete e consultou ao carteiro. Enganado en principio pola fasquía deste personaxe tan pintoresco no medio da civilización parisiense, informouno de que a mansión onde moraba a *Moza dos ollos de ouro* pertencía a don Hijos, marqués de San Real, grande de España. Naturalmente o auvernés non tiña ningún recado para o marqués.

– O paquete que traio, dixo, é para a marquesa.

– Está ausente, respondeu o carteiro. A súa correspondencia é devolta a Londres.

– A marquesa non é entón unha moza que...

–Ah! dixo o carteiro interrompendo ao axudante de cámara e ollándoo con atención, ti es tan recadeiro coma eu bailarín.

Laurent mostrou algunhas moedas de ouro ao funcionario bailarín, que se puxo a sorrir.

– Teña, velaquí o nome da súa presa, dixo tirando da súa carteira de coiro unha carta que levaba o selo de Londres e na cal figuraba este enderezo:

Para a Señorita

PAQUITA VALDÉS,

Rúa Saint-Lazare,

Mansión de San Real.

PARÍS

estaba escrito en caracteres alongados e miúdos, que revelaban unha man feminina.

-Desprezaría unha botella de viño de Chablis, acompañada dun filete salteado con champiñóns e precedida de varias ducias de ostras? dixo Laurent, que quería conquistar a preciosa amizade do carteiro.

- Ás nove e media, cando remate o meu servizo... Onde?

- Na esquina entre a rúa da Chaussée-d'Antin e a rúa Neuve-des-Mathurins, n'O POZO SEN VIÑO, dixo Laurent.

- Escoite, amigo, -dixo o carteiro ao reunirse co axuda de cámara, unha hora despois deste encontro-, se o voso amo está namorado desa moza, vai ter que traballar duro. Dubido que consiga vela. Nos dez anos que levo de carteiro en París, puiden observar moitas clases de portas, mais podo asegurarlle, sen temor a ser desmentido por ningún dos meus camaradas, que non hai ningunha porta tan misteriosa como a do señor de San Real. Ninguén pode penetrar na mansión sen non sei que contrasinal, e fíxese que é escollido adrede entre o patio e o xardín para evitar calquera comunicación coas outras casas. O porteiro é un vello español que non fala unha palabra en francés; mais que fita á xente, como faría Vidocq, por temor a que sexan ladróns. Se este primeiro carcereiro puidese deixarse enganar por un amante, por un ladrón ou por vostede, sen ánimo de establecer comparación, daquela, topariádesvos na primeira sala, que está pechada por unha porta de cristal, cun mordomo rodeado de lacaios, un vello farsante aínda máis salvaxe e máis túzaro que o propio porteiro. Cando alguén franquea a porta cocheira, o dito mordomo sae, espéao baixo o perístilo e sométeo a un interrogatorio coma se se tratase dun criminal. Iso aconteceume a min, un simple carteiro. Tomábame por un *hemisferio* disfrazado, dixo rindo do seu despropósito. En canto ao servizo, non espere tirarlles nada, creo que son mudos, ninguén no barrio coñece o son da súa voz; non sei canto cobran por non falar nin beber nada; o feito é que son inabordábeis, ben porque temen ser fusilados, ben porque, por unha indiscreción, poidan perder unha suma enorme. Se o seu amo está abondo namorado da señorita Paquita Valdés para superar todos estes obstáculos, con certeza non poderá evitar a dona Concha Marialva, a ama que a acompaña e que a metería debaixo das súas saias antes que deixala. Estas dúas mulleres parecen estar cosidas unha á outra.

- O que me di, amábel carteiro -continuou Laurent despois de ter catado o viño-, confírmame o que acabo de saber. A fe de home honrado, crin que se mofaban de min. A froiteira de en fronte díxome que, pola noite, ceibaban polos xardíns uns cans cuxa mantenza está suspendida nuns postes, de xeito que non poden acadala. Eses condenados animais cren, daquela, que os posíbeis intrusos queren comerlla e esnaquizaríanos. Dirame vostede que se lles pode tirar unhas albóndegas, mais parece que están adestrados para non comer nada se non é da man do porteiro.

- O garda do señor barón de Nucingen, cuxo xardín linda pola parte alta co da mansión San Real, xa mo ten confirmado, respondeu o carteiro.

- Estupendo, o meu amo coñéceo, dixo Laurent para si. Sabe vostede -continuou mentres ollaba de esguello ao carteiro- que o meu amo é un home tan destemido que se se lle mete entre cella e cella beixar a planta do pé dunha emperatriz, esta acabaría cedendo? Se necesitase os seus servizos, cousa que lle desexo pois é moi xeneroso, poderíase contar con vostede?

- Home non, señor Laurent, chámome Moinot. O meu nome soa talmente como un pardal, *moineau*: M-o-i-n-o-t, not, Moinot.

- Efectivamente -dixo Laurent- pronúnciase igual.
- Vivo na rúa das Trois-Frères, nº 11, no quinto -continuou Moinot-; teño muller e catro fillos. Se o que ides querer de min non vai máis alá do que esixe a conciencia e os meus deberes administrativos, dectádesvos? Aquí me tedes.
- É vostede un bo home -díxolle Laurent apertándolle a man-.
- Paquita Valdés é, sen dúbida, a amante do marqués de San Real, o amigo do rei Fernando. Só un vello carcamán español de oitenta anos é capaz de adoptar semellantes precaucións -dixo Henri cando o seu axuda de cámara rematou de contarlle o resultado das súas pescudas-.
- Señor -díxolle Laurent-, a menos que se pense chegar ata alí en globo, ninguén pode entrar nesa mansión.
- Es un necio! Logo é necesario entrar na mansión para conquistar a Paquita, sendo que Paquita pode saír dela?
- Mais, señor, e a ama?
- Burlaremos durante algúns días, a esa ama da que falas.
- Entón, conquistaremos a Paquita! -dixo Laurent fretando as mans-.
- Truán! -respondeu Henri-, condénote a dona Concha se tes a insolencia de falar así dunha muller antes de que eu a conquiste. Prepárame o traxe, vou saír.

Henri ficou un momento sumido en gozosas reflexións. Dito sexa en gabanza das mulleres, conseguía todas as que se dignaba desexar. E que se podería pensar dunha muller sen amante, que fose quen de resistirse a un home novo dotado de beleza, que é o espírito do corpo, dotado de intelixencia, que é unha graza da alma, dotado de forza moral e da fortuna, que son as dúas únicas potencias reais? Mais ao triunfar tan facilmente, De Marsay debía aburrirse dos seus triunfos; xa que logo, desde había aproximadamente dous anos aburríase moito. Mergullándose no fondo das voluptuosidades, obtiña máis pedregullo que perlas. De tal xeito que, como os heroes famosos, chegara a implorar do azar algún obstáculo que vencer, algunha empresa que lle esixise facer gala das súas forzas morais e físicas inactivas.

[]Aínda que Paquita Valdés lle presentase o marabilloso compendio das perfeccións das que aínda non gozara máis que en pequenas doses, o atractivo da paixón era case nulo no seu caso. Unha saciedade constante minorara no seu corazón o sentimento amoroso. Como os vellos e a xente desganada, xa non tiña máis que caprichos extravagantes, gustos ruinosos, fantasías que, unha vez satisfeitas, non lle deixaban ningún bo recordo no corazón. Para a xente nova, o amor é o máis fermoso dos sentimentos, fai florecer a vida na alma, ilumina co seu poder solar as máis belas inspiracións e os seus grandes pensamentos: as primicias de calquera cousa teñen un sabor deliciosos. Para os homes, o amor convértese nunha paixón: a forza conduce ao abuso. Para os vellos, vólvese un vicio: a impotencia conduce ao extremo. Henri era asemade vello, home e mozo. Para experimentar as emocións dun amor verdadeiro, cumpríalle, como a Lovelace, unha Clarisse Harlowe. Sen o reflexo máxico desta perla imposible de atopar, non podía ter máis que paixóns agudizadas por algunha vaidade parisiense, o íntimo propósito de arrastrar á corrupción a unha determinada muller ou ben aventuras que estimulasen a súa curiosidade.

[] A información de Laurent, o seu axuda de cámara, acababa de valorar nun prezo elevadísimo á *Moza dos ollos de ouro*. Tratábase de librar unha batalla con algún inimigo secreto, que parecía tan perigoso como hábil; e, para conseguir a vitoria, ningunha das forzas das que Henri podía dispor era desdeñábel. Ía interpretar a eterna e vella comedia que será sempre nova e cuxos personaxes son un vello, unha moza e un namorado: don Hijos, Paquita e De Marsay. Se Laurent equivalía a Fígaro, a ama parecía incorruptíbel. Así, a obra viva estaba máis fortemente anoada polo azar do que o estivera nunca por ningún autor dramático. Mais o azar non é acaso tamén un home xenial?

– Haberá que xogar sobre seguro, dixo para si Henri.

– Que tal! –díxolle Paul de Manerville entrando–, como andamos? Veño xantar contigo.

– Conforme –dixo Henri–. Non che molestará que me arranxe diante túa?

– Que cousas tes!

– Copiamos tanto dos ingleses actualmente que poderíamos converternos nuns hipócritas e mexeriqueiros coma eles, dixo Henri.

Laurent dispuxera ante o seu amo tantos utensilios, tantos obxectos diferentes e cousas tan bonitas, que Paul non puido evitar dicir: – Pero, vas ter para dúas horas?

– Non! –dixo Henri–, dúas horas e media.

– Pois ben, xa que estamos sós e entre nós non hai segredos, explícame por que un home distinguido coma ti, pois ti es distinguido, finxe unha esaxerada fatuidade que non lle é propia. Por que pasar dúas horas e media refregándose, cando abunda con botar un cuarto de hora no baño, peitearse nun chiscar de ollo e vestirse? A ver, cóntame o teu plan.

– Cómpre que te queira moito, cacho pailán, para te confiar pensamentos tan elevados –dixo o mozo mentres se facía cepillar os pés cun cepillo suave enchoupado en xabón inglés–.

– Mais eu téñoche ofrecido a miña máis sincera lealdade –respondeu Paul de Manerville– e quérote porque te atopo superior a min...

– Debiches observar, se aínda es capaz de reparar nun feito moral, que a muller ama o fatuo –continuou De Marsay respondendo só cunha ollada á declaración de Paul–. Sabes por que as mulleres aman os fatuos? Meu amigo, os fatuos son os únicos homes que coidan o seu aspecto. Daquela, mostrar un coidado excesivo de si mesmo, non é acaso dicir que se coida en si propio o ben alleo? O home que non é dono de si mesmo é precisamente aquel polo que as mulleres manifestan preferencia. O amor é esencialmente ladrón. Non che falo dese exceso de aseo polo que tolean. Sabes dalgunha que se teña apaixonado por un *desaseado*, aínda que se tratase dun home notábel? Se iso ten acontecido algunha vez, débese atribuír a antollos de embarazada, esas ideas tolas que a todo o mundo lle pasan pola cabeza. En cambio, teño visto homes conspicuos quedar plantados de socato por causa da súa incuria. Un fatuo que se ocupa da súa persoa ocúpase dunha necidade, de bagatelas. E que é a muller? Unha bagatela, un conxunto de necidades. Non abundan dúas palabras ditas ás toas para facela traballar durante catro horas? Está convencida de que o fatuo se ocupará dela, xa que non pensa en grandes cousas. Non será nunca abandonada para interesarse pola gloria, a

ambición, a política, a arte, esas grandes mozas públicas que son as súas rivais. Pois os fatuos teñen a coraxe de cubrirse de ridículo para compracer á muller, e o corazón feminino está cheo de recompensas para o home que se pon en ridículo por amor. Un fatuo, en fin, só pode ser fatuo se ten unha razón para selo. Son as mulleres as que nos dan ese grao. O fatuo é o coronel do amor, é afortunado e manda o seu rexemento de mulleres. Amigo meu, en París sábese todo, e aquí un home non pode ser fatuo *gratis*. Ti que non tes máis que unha muller e que quizais tes razón ao non teres máis que unha, tenta facer o fatuo... nin sequera chegarás a ser ridículo, antes estarás morto. Converteraste nun prexuízo con patas, un deses homes condenados inevitabelmente a facer sempre unha soa e única cousa. Ti significarás *parvada* como o señor de La Fayette significa América; o señor de Talleyrand, diplomacia; Désaugiers, canción; o señor de Ségur, novela. Se se arredan do seu xénero, xa non se acredita no valor do que fan. Velaquí como somos en Francia, sempre soberanamente inxustos! Poida que o señor de Talleyrand sexa un gran financeiro, o señor de La Fayette un tirano, e Désaugiers un administrador competente. Poderás ter corenta mulleres o ano que vén, pero non se che recoñecerá publicamente nin unha soa. Así pois a fatuidade, meu amigo Paul, é o sinal dun incontestábel poder conquistado sobre o pobo femia. Un home amado por varias mulleres pasa por ter calidades superiores; e daquela o malpocado pertence a quen o consiga. Mais parecerache pouco ter o dereito de chegar a un salón, ollar a todo o mundo por riba do ombreiro, ou a través duns quevedos, e poder desprezar ao home máis preeminente se leva un chaleco anticuado? Laurent, fasmé dano! Despois de xantar, Paul, iremos ás Tullerías a ver a adorábel *Moza dos ollos de ouro*.

Cando, despois dunha opípara comida, os dous mozos alancaron pola terraza dos Feuillants e a grande avenida das Tullerías, non atoparon en ningures á sublime Paquita Valdés, por causa da cal se reunían alí cincuenta dos máis elegantes mozos de París, todos perfumados, moi engravatados, de botas e esporas, dando golpes coa fusta, andando, falando, rindo e dándose a todos os diaños.

- [Misa branca] Viaxe en balde -dixo Henri-; pero acábaseme de ocorrer a idea máis brillante do mundo. Esa moza recibe cartas de Londres; cómpre subornar ou emborrachar ao carteiro, abrir unha carta, obviamente lela, coar unha notiña cariñosa dentro e volvela pechar. O vello tirano, *crudel tiranno*, sen dúbida debe coñecer a persoa que escribe as cartas procedentes de Londres e xa non desconfía delas.

O día seguinte, De Marsay volveu para pasear á raxeira pola terraza dos Feuillants e viu a Paquita Valdés, embelecida xa pola paixón. Ficou perdidamente cativado por aqueles ollos cuxos raios eran de natureza semellante aos que desprende o sol e cuxo ardor resumía o daquel corpo perfecto no que todo era voluptuosidade. De Marsay fervía por rozar as roupas daquela sedutora moza cando se atoparon durante o paseo; mais as súas tentativas eran sempre vas. Nun momento no que adiantara á ama e a Paquita, para poder atoparse do lado da *Moza dos ollos de ouro* cando se xirase, Paquita, non menos impaciente, anticipouse rapidamente e De Marsay sentiu que lle apertaba a man dun xeito tan fugaz e ao mesmo tempo tan apaixonadamente expresivo que coidou ter recibido o choque dunha descarga eléctrica. Nun intre todas as emocións da mocidade lle xurdiron no corazón. Cando os dous amantes se ollaron, Paquita pareceu avergoñarse; baixou os ollos para non ver os de Henri, mais a súa ollada escoou cara abaixo para mirar os pés e a estatura do que as mulleres chamaban, antes da Revolución, *o seu vencedor*.

- Decididamente, vou ter a esta moza como amante -dixo para si Henri.

Mentres a seguía ata o cabo da terraza, do lado da praza Luís XV, enxergou ao vello marqués de San Real que paseaba apoiado no brazo do seu axuda de cámara,

andaba con toda a precaución dun gotoso afectado ademais de cacoquimia. Dona Concha, que desconfiaba de Henri, puxo a Paquita entre ela e o vello.

– Oh, no que a ti respecta –dixo De Marsay botándolle unha ollada de desprezo á ama–, se non se che pode facer capitular, has adormecer cun pouco de opio. Coñecemos a mitoloxía e a fábula de Argos.

Antes de subir ao coche, a *Moza dos ollos de ouro* intercambiou co seu amante algunhas olladas cuxa expresión non era dubidosa e coas que Henri se mostrou encantado; mais a ama sorprendeu unha, e díxolle abruptamente algunhas palabras a Paquita, que se deixou caer no interior da berlina cun ar desesperado. Durante varios días Paquita non volveu ás Tullerías. Laurent, que, por orde do seu amo, foi axexar arredor da mansión, soubo polos veciños que nin as dúas mulleres nin o vello marqués saíran desde o día en que a ama sorprendera unha ollada entre a moza sometida á súa custodia e Henri. O vínculo tan feble que unía aos dous amantes estaba pois xa roto.

Algúns días despois, sen que ninguén soubese por que medios, De Marsay conseguira o seu obxectivo, tiña un selo e cera completamente semellantes ao selo e á cera que lacraban as cartas enviadas de Londres á señorita Valdés, papel parello a aquel que utilizaba o correspondente, ademais de todos os utensilios e as ferramentas necesarios para fixar os selos dos correos inglés e francés. Escribira a seguinte carta, á cal lle deu todas as aparencias dunha carta enviada de Londres.

«Querida Paquita, non vou tentar pintarlle, por medio de palabras, a paixón que me ten inspirado. Se, para a miña fortuna, a comparte, saiba que atopei os medios de manter correspondencia con vostede. Chámome Adolphe de Gouges, e resido na rúa da Universidade, nº 54. Se está demasiado vixiada para me escribir, se non ten nin papel nin plumas, sabereino polo voso silencio. Así pois, se mañá, de oito da mañá a dez da noite, non ten guindado unha carta por riba do muro do seu xardín no do barón de Nucingen, onde será esperada durante todo o día, un home da miña total confianza botaralle por riba do muro, no extremo dunha corda, dous frascos, ás dez da mañá do día seguinte. Debe saír a pasear arredor desa hora, un dos dous frascos conterá opio para adormecer o voso Argos, será suficiente con darlle seis gotas. O outro conterá tinta. O frasco de tinta está labrado, o outro é liso. Ambos son bastante finos para que poida agochalos no seu corpiño. Todo canto fixen xa para poder manter correspondencia con vostede debe revelarlle canto a amo. Se o dubida, confésolle que, para obter unha cita dunha hora, daría a vida.»

– Así a todo, esas pobres criaturas cren estas cousas! –dixo para si De Marsay–. Mais teñen razón. Que pensariamos dunha muller que non se deixase seducir por unha carta de amor acompañada de circunstancias tan convincentes?

Aquela carta foi entregada polo señor Moinot, carteiro, o día seguinte, contra ás oito da mañá, ao porteiro da mansión San Real. Para achegarse ao campo de batalla, De Marsay viñera xantar á casa de Paul, que vivía na rúa da Pépinière. Ás dúas, no momento en que os dous amigos rían contándose a ruína dun mozo que quixera levar o tren da vida elegante sen unha fortuna sólida, e tentaban adiviñar como remataría, o cocheiro de Henri veu buscar ao seu amo ata a casa de Paul e presentoulle a un personaxe misterioso, que quería a todo custo falarlle a el en persoa. Este personaxe era un mulato en quen Talma se tería inspirado con certeza para representar a Otelo se o coñecese. Nunca un rostro africano expresou mellor a grandeza da vinganza, a rapidez da sospeita, a prontitude na execución dun pensamento, a forza do mouro e a súa irreflexión de neno. Os seus ollos negros tiñan a dureza dos ollos dunha ave de rapina, e estaban incrustados, como os dun *voitre*, nunha membrana azulada espida de cellas. A súa fronte, pequena e baixa, tiña un aire ameazador. Evidentemente este home estaba dominado por unha única

idea fixa. O seu brazo fibroso non lle pertencía. Viña acompañado dun home a quen todas as imaxinacións, desde as que aterecen en Grenlandia ata as que súan en Nova Inglaterra, describirían segundo esta frase: *era un desgraciado*. Ante esta descrición, todo o mundo poderá imaxinalo, poderá ser representado conforme ás ideas particulares de cada país. Mais quen se figurará o seu rostro branco, engurrado, rubio nos bordes, e a súa barba longa? Quen verá a súa gravata retorta dun amarelo sucio, o colo da camisa enlordado, o chapeu todo gastado, a levita verdosa, o pantalón lamentábel, o chaleco encollido, o prendedor de ouro falso, os zapatos cheos de lama cuxos amallós chapuzaran nun bulleiro? Quen o dará comprendido en toda a inmensidade da súa miseria presente e pasada? Quen? Soamente o parisiense. O home desgraciado de París é o desgraciado completo, pois aínda ten o humor de ser consciente da súa desgraza. O mulato parecía un verdugo de Luís XI disposto para colgar un home.

– Quen pescou estes dous peixes? –dixo Henri.

– Demontre! Un deles prodúceme calafríos –respondeu Paul.

– Quen es ti; ti que tes pinta de ser o máis cristián dos dous? –inquiriu Henri ollando para o home desgraciado.

O mulato, ollando fite a fite aos dous mozos, ficou como quen non entende nada, pero tentando cando menos adiviñar algo polos xestos e o movemento dos labios.

– Son tabelión público e intérprete. Vivo no Palacio de Xustiza e chámome Poincet.

– Ben! E ese? –dixo Henri a Poincet sinalando o mulato.

– Non sei; non fala máis que unha especie de dialecto español, e tróuxome aquí para poder entenderse convosco.

O mulato tirou do peto a carta que Henri lle escribira a Paquita, e entregoulla, Henri tirouna ao lume.

– Eh! ben, velaquí que comeza a coller forma o negocio –dixo para si mesmo Henri–. Paul, déixanos sós un momento.

– Traducinlle esta carta –continuou o intérprete cando estiveron sós–. Unha vez traducida, el foi a non sei onde. Despois volveume buscar para traerme aquí prometéndome dous luíses.

– Que me tes que dicir, chinés? –preguntou Henri.

– Eu non lle dixen *chinés* –retrucou o intérprete esperando a resposta do mulato.

– Dixo, señor –continuou o intérprete despois de ter escoitado ao descoñecido–, que cómpre que vostedes se atopen mañá á noite, ás dez e media, no bulevar Montmartre, a carón do café. Atopará alí un coche, no cal ha de subir dicíndolle a palabra *cortejo* ao que estará preparado para abrir o portelo, unha palabra española que quere dicir *amante*, engadiu Poincet deitando unha ollada de felicitación a Henri.

– Ben!

O mulato quixo dar dous luíses, mais De Marsay non o permitiu e recompensou ao intérprete; mentres lle pagaba, o mulato proferiu algunhas verbas.

- Que di?

- Prevenme -respondeu o home desgraciado- de que, se cometo a mínima indiscreción, vaime esganar. É amábel, e ten moito pinta de cumprir a súa palabra.

- Estou certo -respondeu Henri-. Farao como di.

- Engade -continuou o intérprete- que a persoa que o envía vos suplica, por vostede e por ela, que poñades a meirande prudencia nas vosas accións, porque os puñais que se erguen por riba das vosas cabezas caerán sobre os vosos corazóns, sen que ningún poder humano poida protexervos.

- Dixo iso! Tanto mellor, será máis divertido.

- Xa podes entrar, Paul! -berroulle ao seu amigo.

O mulato, que non parara de ollar ao amante de Paquita Valdés cunha atención magnética, foise seguido do intérprete.

- Velaquí por fin unha aventura ben novelesca -dixo Henri cando volveu Paul-. A poder de participar nalgunhas, acabei por atopar neste París unha intriga inzada de circunstancias difíciles e de perigos maiores. Ah! diante, que atrevida se volve a muller co perigo! Amolar unha muller, querer coaccionala, non é acaso concederlle o dereito e a coraxe de franquear de vez as barreiras que lle levaría anos saltar? Amábel criatura, veña, salta. Morrer? Pobre nena! Puñais? Imaxinacións femininas! Todas senten a necesidade de facer valer as súas triviais brincadeiras. De calquera xeito terémolo en conta, Paquita!, terémolo en conta, miña nena! O diaño me leve, agora que sei que esa bela moza, esa obra mestra da natureza é miña, a aventura perdeu algo do seu morboso engado.

Malia esta verba lixeira, a mocidade rexurdira en Henri. Para esperar ata o día seguinte sen aflicción, tivo que recorrer a desaforados praceres: xogou, comeu e ceou cos seus amigos; bebeu como un odre, comeu como un crego, e gañou dez ou doce mil francos. Saíu do Rocher de Cancale ás dúas da mañá, durmiu como un neno, espertou o día seguinte fresco como unha rosa, e vestiuse para ir ás Tullerías; tiña a intención de montar a cabalo, despois de ver a Paquita, para abrir o apetito e comer mellor, e tamén para pasar o tempo.

Á hora acordada, Henri presentouse no bulevar, viu o coche e deu o contrasinal a un home que parecía ser o mulato. Ao ouvir aquela palabra, o home abriu o portelo e despregou con presteza o chanzo. Henri foi conducido tan velozmente a través de París, e ía tan absorto nos seus pensamentos e prestando tan pouca atención ás rúas polas que pasaba, que non soubo onde paraba o coche. O mulato introduciuno nunha casa cuxa escaleira se atopaba moi cerca da porta cocheira. Esta escaleira estaba ás escuras, ao igual que o relanzo sobre o cal Henri foi obrigado a esperar en tanto que o mulato abría a porta dun apartamento húmido, nauseabundo, sen luz, e cuxos cuartos, apenas iluminados pola vela que o seu guía atopou na antecámara, parecéronlle baleiros e mal amoblados, como os dunha casa cuxos habitantes están de viaxe. Experimentou a mesma sensación que lle producía a lectura dunha desas novelas de Anne Radcliffe, nas que o heroe atravesaba salas frías, sombrías e deshabitadas dalgún lugar triste e deserto. Por fin, o mulato abriu a porta dun salón. O estado dos vellos móbeis e das cortinas anticuadas que adornaban este cuarto asemellábano ao salón dunha casa de mala fama. Ofrecía a mesma pretensión de elegancia e a mesma combinación de cousas de mal gusto, po e cotra. Nun canapé cuberto de veludo vermello de Utrecht, na esquina dunha cheminea que fumegaba co lume enterrado nas cinzas, atopábase unha muller vella bastante mal vestida, toucada cun deses turbantes que saben inventar as inglesas

cando chegan a certa idade e que terían moitísimo éxito en China, onde o ideal de beleza dos artistas é a monstruosidade. O salón, a vella, o fogar frío, todo iso tería xeado o amor, se Paquita non estivese alí sobre un confidente cun voluptuoso salto de cama, ceibe para lanzar as súas olladas de ouro e de lume, ceibe para mostrar o seu ben torneado pé, ceibe nos seus movementos luminosos.

[]Esta primeira entrevista foi o que son todas as primeiras citas que se dan as persoas apaixonadas que franquearon rapidamente as distancias e que se desexan ardentemente, case sen se coñecer. É imposible que en principio non se dean algunhas discordancias en situacións semellantes, molesta ata o momento no que as almas entran en sintonía. Se ben o desexo infunde atrevemento ao home e dispoño a non escatimar nada; a amante, so pena de non ser muller, por moi intenso que sexa o seu amor, asústase ao verse chegar tan rapidamente ao obxectivo e cara a cara coa necesidade de entregarse, que para moitas mulleres equivale a unha caída no abismo, no fondo do cal non saben o que han atopar. A frialdade involuntaria da muller contrasta coa súa confesa paixón e repercute necesariamente sobre o amante máis apaixonado. Estas ideas, que a miúdo pairan como vapores arredor das almas, ocasionan nelas unha especie de doenza pasaxeira. Na doce viaxe que dous seres emprenden a través das belas comarcas do amor, ese momento é como un páramo que cómpre atravesar, un páramo sen vexetación, alternativamente húmido e quente, cheo de áreas ardentes, atravesado por paúis, e que conduce ás amenas forestas vestidas de rosas nas que se despregan o amor e o seu cortexo de praceres sobre alfombras de fino verdor. A miúdo o home enxeñoso está dotado dun riso babeco que lle serve de resposta a todo; o seu enxeño está como adormecido baixo a glacial comprensión dos seus desexos. Non sería imposible que dous seres igualmente belos, enxeñosos e apaixonados, falasen ao principio dos lugares comúns máis vulgares, ata que o azar, unha palabra, o tremor dunha certa ollada, a comunicación dunha faísca, lles faga atopar a feliz transición que os leva polo sendeiro florido onde non se anda, senón que se deambula sen tocar o chan.

[]Este estado da alma depende sempre da vehemencia dos sentimentos. Dous seres que se aman feblemente non perciben nada parecido. O efecto desta crise pode compararse tamén ao que produce o resplandor dun ceo puro. A natureza semella a primeira vista cuberta dun veo de gasa, o azul do firmamento parece negro, a luz intensa seméllase ás tebras. En Henri, como na española, recoñécese unha vehemencia equivalente; e esa lei da estática en virtude da cal dúas forzas idénticas se anulan ao atopárense, podería ser válida tamén para o reino moral. Ademais, a turbación dese momento ficou singularmente incrementada pola presenza da vella momia. O amor ou se asusta ou se aleda por completo; para el todo ten un sentido, todo lle resulta un presaxio feliz ou funesto. Aquela muller decrépita estaba alí como un posíbel desenlace, e representaba a horribel cola de peixe coa que os simbólicos xenios de Grecia terminaban as Quimeras e as Sereas, tan sedutoras, tan enganosas polo busto, como o son todas as paixóns ao comezo.

[]Aínda que Henri non fose un espírito forte –esta expresión é sempre unha ironía–, senón un home dun poder extraordinario, un home tan grande como pode selo unha persoa sen crenzas, o conxunto de todas esas circunstancias impresionouno. De por parte, os homes máis fortes son naturalmente os máis impresionábeis, e consecuentemente os máis supersticiosos, se é que se pode chamar superstición ao prexuízo da primeira impresión, que é, sen dúbida, a valoración a priori das consecuencias derivadas dunhas causas agochadas para outros ollos, mais perceptíbeis para os seus.

A española aproveitaba aquel momento de estupor para entregarse á éxtase desa adoración infinita que se apodera dunha muller cando ama de verdade e se atopa en presenza dun ídolo esperado en van. Os seus ollos desprendían faíscas de ledicia

e felicidade, e el procuraba esquivalas. Ela estaba enfeitizada e embriagábase sen temor cunha felicidade soñada durante moito tempo. Parecelle entón tan maravillosamente bela a Henri que toda aquela fantasmagoría de farrapos, de vellez, de cortinas vermellas gastadas, de esteiras verdes diante dos sofás, a baldosa vermella mal fregada, todo ese luxo morboso e insán desapareceu axiña. O salón iluminouse, xa soamente a través dunha nube vía á terríbel harpía, fixa, muda sobre o canapé vermello e cuns ollos amarelos que traizoaban os sentimentos servís inspirados pola desgraza ou producidos por un vicio a cuxa escravitude sucumbira, como un tirano que a embrutecera baixo as flaxelación do seu despotismo. Os seus ollos tiñan o brillo frío dos dun tigre engaiolado consciente da súa impotencia e compelido a devorar as súas ansias de destrución.

– Quen é esa muller? –díxolle Henri a Paquita–.

Mais Paquita non respondeu. Indicoulle con acenos que non entendía o francés, e preguntoulle a Henri se falaba inglés. De Marsay repetiu a súa pregunta en inglés.

– É a única muller da que me podó fiar, aínda que xa me ten vendido –dixo Paquita con tranquilidade–. Meu querido Adolphe, é a miña nai, unha escrava mercada en Xeorxia pola súa extraordinaria beleza, mais da que conserva pouco hoxe en día. Soamente fala a súa lingua materna.

A actitude daquela muller e o seu degoro de adiviñar, polos movementos da súa filla e de Henri, o que pasaba entre eles, fóronlle revelados de vez ao mozo, que ficou tranquilo ante tal explicación.

– Paquita –díxolle el–, entón, non estaremos libres?

– Xamais! –dixo ela cun ar triste–. Nin sequera temos moitos días para nós.

Baixou os ollos, contemplou a man e contou coa man dereita os dedos da esquerda, mostrando dese xeito as máis belas mans que Henri tivera visto nunca.

– Un, dous, tres...

Contou ata doce.

– Si, dixo, temos doce días.

– E despois?

– Despois –respondeu, absorta como unha muller feble perante a machada do verdugo e morta antes de tempo por un temor que a despoxabía daquela magnífica enerxía que a natureza parecía terlle concedido só para aumentar as voluptuosidades e para converter en innumerábeis poemas os praceres máis groseiros–, despois... –repetía ela. A súa ollada volveuse fixa; parecía contemplar un obxecto afastado, ameazante–. Non sei –dixo–.

– Esta moza está tola –pensou Henri, abismándose tamén en estrañas reflexións.

Paquita figuróuselle ocupada nalgunha cousa que non era el, como unha muller cominada asemade polo remorso e pola paixón. Quizais tiña no corazón outro amor que esquecía e lembraba por veces. Nun momento, Henri viuse asaltado por mil pensamentos contraditorios. Aquela moza converteuse nun misterio para el; mais, ao contemplala coa sabia atención do home enfasiado, ávido de novas voluptuosidades, como aquel rei de Oriente que pediu que lle inventasen un pracer, sede horríbel da que están posuídas as grandes almas, Henri recoñeceu en Paquita

o máis gozoso mecanismo que a natureza se compraceu en compoñer para o amor. O funcionamento presumíbel desta máquina, fóra a alma, tería acovardado a calquera outro home que non fose De Marsay; mais el quedou fascinado pola abundante colleita de praceres prometidos, pola constante variedade da boa sorte, que é o soño de calquera home e que calquera muller namorada ambiciona tamén. Toleou polo infinito froito tanxíbel e foi transportado aos máis luxuriosos goces daquela criatura. Viu todo iso naquela moza con máis claridade que nunca; pois ela deixábase ver con compracencia, feliz de ser admirada. A admiración de De Marsay converteuse nunha rabia secreta, que se puxo en evidencia por completo ao lanzar unha ollada que a española comprendeu, coma se estivese habituada a recibir outras semellantes.

– Se non foses só miña, mataríate! –exclamou el–.

Ao oír estas palabras, Paquita botou as mans á cara e exclamou inxenuamente:
–Virxe Santísima, onde me fun meter!

Levantouse, foise deitar no canapé vermello, afundiou a cabeza nos farrapos que cubrían o seo da súa nai e chorou. A vella recibiu a súa filla sen saír da súa inmovilidade, sen lle testemuñar nada. A nai posuía no máis alto grao esa gravidade das tribos salvaxes, esa impasibilidade estatuaría ante a cal fracasa a observación. Quería ou non quería a súa filla? Non había maneira de sabelo. Baixo aquela máscara acubillábanse todos os sentimentos humanos, os bos e os malos, e podía esperarse calquera cousa daquela criatura. A súa ollada ía lentamente dos fermosos cabelos da súa filla, que a cubrían como unha touca, ao rostro de Henri, a quen observaba cunha inexpressábel curiosidade. Semellaba preguntarse por que sortilexio estaba el alí, por que capricho a natureza fixera a un home tan sedutor.

– Estas mulleres búrlanse de min! –pensou Henri–.

Nese momento, Paquita ergueu a cabeza e botoulle unha desas olladas que chegan a alma e a queiman. Pareceulle tan bela que xurou posuír ese tesouro de beleza.

– Paquita, sé miña!

– Queres matarme? –Dixo ela temerosa, palpitante, inqueda, mais unida a el por unha forza inexplicábel–.

– Matarte, eu! –dixo sorrindo–.

Paquita lanzou un berro de espanto, díxolle unha palabra á vella, que colleu pola man con autoridade a Henri e á súa filla, ollounos un bo anaco e despois soltounos sacudindo a cabeza dun xeito horribelmente significativo.

– Sé miña esta noite, agora mesmo, son eu, non me deixes, é o meu desexo, Paquita! quéresme? ven!

Nun intre díxolle mil palabras sen sentido coa rapidez dun torrente que chouta entre as penas e repite o mesmo son baixo mil formas diferentes.

– É a mesma voz! –dixo Paquita melancolicamente, sen que De Marsay puidese oíla–, e... o mesmo ardor, engadiu.

– Pois ben, si, –dixo ela cun abandono de paixón difícil de expresar–. Si, mais non esta noite. Esta noite, Adolphe, deille demasiado pouco opio a *Concha*, podería espertar, estaría perdida. Neste momento, na casa, todos cren que estou durmindo no meu cuarto. Dentro de dous días, espera no mesmo lugar, dálle o mesmo

contrasinal ao mesmo home. Ese home é meu pai putativo, Christemio adórame e morrería por min no tormento sen que lle arrincasen unha palabra en contra miña. Adeus, dixo ela agarrando a Henri polo corpo e enroscándose arredor del como unha serpe. Apertouno por todos os lados á vez, puxo a cabeza debaixo da súa, ofreceulle os beizos e recibiu un bico que lles deu tales vertixes a ambos, que De Marsay creu que a terra se abría e que Paquita berraba: «Vaite!» cunha voz que indicaba ás claras o pouco dona que era de si mesma. Mais retívoo sen deixar de berrarlle: «Vaite!» en tanto o conducía lentamente ata a escaleira.

Alí, o mulato, cuxos ollos brancos se iluminaron á vista de Paquita, colleu o facho das mans do seu ídolo e conduciu a Henri ata a rúa. Deixou o facho baixo a bóveda, abriu a porta, meteu a Henri no coche e deixouno no bulevar dos Italianos cunha rapidez marabillosa. Os cabalos semellaban ter o diaño no corpo.

Esta escena foi como un soño para De Marsay, mais un deses soños que, cando se esvaecen, deixan na alma un sentimento de voluptuosidade sobrenatural que un home non deixa de perseguir o resto da súa vida. Un só beixo abundara. Ningunha cita transcorrera dunha maneira máis decente, nin máis casta, nin máis fría quizais, nun lugar máis horríbel nos seus detalles, diante dunha divindade máis horrorosa; pois esa nai ficara na imaxinación de Henri como algo infernal, engoumado, cadavérico, vicioso, salvaxemente feroz, que a fantasía dos pintores e dos poetas aínda non adiviñara. En efecto, xamais unha cita irritara tanto os seus sentidos, revelara voluptuosidades máis audaces, fixera xurdir mellor o amor desde o seu centro para espallarse como unha atmosfera arredor dun home. Foi algo sombrío, misterioso, doce, tenro, violento e expansivo, unha cópula do horríbel co celeste, do paraíso co inferno, que deixou a De Marsay como ebrio. Xa non foi el mesmo e, non obstante, era bastante adulto para poder resistir a embriaguez do pracer.

Para comprender acidamente a súa conduta no desenlace desta historia, é necesario explicar como ensanchou a súa alma á idade en que a mocidade ordinariamente se achica, mesturándose coas mulleres ou ocupándose demasiado delas. Medrara mercé á concorrencia de circunstancias secretas que o investían dun inmenso poder descoñecido. Aquel mozo tiña na man un cetro máis poderoso que o dos reis modernos, case todos embridados polas leis nas súas máis pequenas vontades. De Marsay exercía o poder autocrático do déspota oriental. Mais ese poder, exercido tan estupidamente en Asia por homes embrutecidos, atopábase multiplicado por dez pola intelixencia europea, polo enxeño francés, que é o máis vivo e aceirado de todos os instrumentos da intelixencia. Henri lograba o que quería para satisfacer os seus praceres e as súas vaidades. Esta invisíbel acción sobre o mundo social revestírao dunha maxestade real, pero secreta, sen énfase e repregada sobre si mesmo. Albergaba, acerca da súa persoa, non a opinión que Louis XIV podía ter de si, senón a que o máis orgulloso dos Califas, dos Faraóns, dos Xerses que coidaban ser de raza divina, tiñan deles mesmos, cando imitaban a Deus, ocultándose dos seus súbditos, so pretexto de que as súas olladas causaban a morte. Así, sen ter ningún remorso de ser asemade xuíz e parte, De Marsay condenaba friamente á morte ao home ou á muller que o ofendese seriamente. Aínda que a miúdo fose pronunciada case sen parar mentes, a sentenza era irrevogábel. Un erro era unha desgraza semellante á que causa o raio ao caer sobre unha parisiense feliz nalgún coche de punto, no canto de esmagar ao vello cocheiro que a conduce a unha cita. Tamén a burla amarga e profunda que distinguía a conversa dese mozo causaba xeralmente bastante espanto; ninguén sentía ganas de ter un encontro con el. As mulleres aman prodixiosamente a eses que se nomean a si mesmos paxás, que semellan andar acompañados de leóns, de verdugos, e que se moven rodeados dun gran aparato de terror. De aí xorde, en homes dese estilo, unha seguridade de acción, unha certeza de poder, un orgullo na ollada, unha consciencia leonina que materializa, ante as mulleres, o tipo de forza coa que elas soñan sen excepción. Así era De Marsay.

Feliz do seu porvir naquel momento, volveuse sentir mozo e flexíbel e, cando se ía deitar, soamente pensaba en amar. Soñou coa *Moza dos ollos de ouro* como soñan os mozos apaixonados. Foi un soño poboado de imaxes monstruosas, con rarezas incomprensíbeis, cheas de luz e que revelan mundos invisíbeis, mais dunha maneira sempre incompleta, pois o veo interposto cambia as condicións da óptica.

Os dous días seguintes, desapareceu sen que se puidese saber onde fora. O seu poder non lle pertencía máis que en determinadas condicións, e felizmente para el, durante estes dous días, foi un simple soldado ao servizo do diaño que mantiña a súa talismánica existencia. Mais á hora acordada, á tardiña, no bulevar, esperou o coche, que non se fixo esperar moito. O mulato achegouse a Henri para dicirlle en francés unha frase que parecía ter aprendido de memoria: – Se vostede quere vir, díxome ela, cómpre consentirdes en deixavos cubrir os ollos.

E Christemio mostrou un fular de seda branca.

– Non! –dixo Henri cuxo poder absoluto se sublevou de repente–.

E quixo subir. O mulato fixo un aceno; o coche partiu.

– Si! –Berrou De Marsay furioso por perder a felicidade que agardaba. Por unha parte, vía a imposibilidade de capitular ante un escravo cuxa obediencia era cega como a dun verdugo. Por outra, debía caer a súa cólera sobre ese instrumento pasivo?

O mulato asubiu e o coche volveu. Henri subiu precipitadamente. Xa algúns pimpíns se amoreaban curiosos no bulevar. Henri era forte, quixo aproveitarse do mulato. Cando o coche partiu a trote longo, agarrouno polas mans para suxeitalo e poder conservar, domeando ao seu vixilante, o exercicio das súas facultades co fin de saber onde ía. Tentativa inútil. Os ollos do mulato escintilaron na sombra. O home lanzou berros que o furor alasaba na gorxa, desembarazouse, rexeitou a De Marsay con man de ferro e chantouno, por dicilo así, no fondo do coche; despois, coa súa man libre sacou un puñal triangular, mentres lanzaba un asubío. O cocheiro oíu o asubío e detívose. Henri estaba desarmado e viuse obrigado a ceder; achegou a cabeza cara ao fular. Ese xesto de submisión acougou a Christemio, que lle tapou os ollos cun respecto e un coidado que testemuñaban unha sorte de veneración pola persoa do home amado polo seu ídolo. Mais, antes de adoptar esta precaución, apertara con desconfianza o seu puñal no peto e abotoouse ata o queixo.

– Houbo de matarme, ese chinés! –Dixo para si De Marsay–.

O coche volveu rodar rapidamente. Quedáballe un recurso a un mozo que coñecía tan ben París como o coñecía Henri. Para saber onde ía, abondáballe con concentrarse e contar, o número dos regueiros franqueados, as rúas que cruzarían polos bulevares, en tanto que o coche continuase en liña recta. Así podería recoñecer por que rúa lateral se dirixía o coche, sexa cara o Sena, sexa cara as alturas de Montmartre, e adiviñar o nome ou a posición da rúa onde o seu guía o faría deter. Mais a emoción violenta que lle causara a súa loita, o furor que lle facía experimentar a súa dignidade comprometida, as ideas de vinganza ás que se entregaba, as suposicións que lle suxería o coidado minucioso que tomaba aquela moza misteriosa para facelo chegar a ela, todo lle impedía prestar aquela atención de cego, necesaria para a concentración da súa intelixencia e para a perfecta perspicacia da lembranza. O traxecto durou unha media hora. Cando o coche se detivo, xa non estaba sobre lastros. O mulato e o cocheiro colleron a Henri en brazos, levantárono, metérono nunha especie de padiola e transportárono a través dun xardín do que percibiu as flores e o arrecendo particular das árbores e da

vexetación. O silencio que reinaba alí era tan profundo que puido distinguir o murmurio que facían algunhas pingas de auga ao caeren das follas húmidas. Ambos os homes subírono por unha escaleira, puxérono de pé, conducírono a través de varios cuartos, guiándoo pola man, e deixárono nun cuarto de atmosfera perfumada e onde sentiu baixo os pés unha grosa e mulida alfombra. Unha man de muller empurrouno sobre un diván e afrouxoulle o fular. Henri viu a Paquita diante del, mais Paquita na súa gloria de muller voluptuosa.

A metade do gabinete onde se atopaba Henri describía unha liña circular donda e xeitosa, oposta á outra parte, perfectamente cadrada, no medio da cal brillaba unha cheminea de mármore branco e dourado. Entrara por unha porta lateral agochada por un rico tapiz e situada fronte a unha fiestra. A parte da estancia que debuxaba o arco de ferradura estaba ornada cun verdadeiro diván turco, é dicir, un colchón posto no chan, mais un colchón amplo coma un leito, un diván de cincuenta pés de perímetro, de caxemira branca, realzado por uns lazos de seda negra e vermella dispostos en rombos. O respaldo deste inmenso leito levantábase varias polgadas por riba de moitos coxíns que o facían aínda máis luxoso polo encanto dos seus adobíos. Este gabinete estaba forrado cunha tea vermella, sobre a que había unha muselina das Indias acanalada como unha columna corintia, na que alternaban estrías focas e redondas rematadas por riba e por baixo nunha banda de tea cor vermella viva sobre a que había arabescos negros debuxados. Baixo a muselina, o vermello volvíase rosa, amorosa cor que repetían as cortinas da fiestra, de muselina das Indias forrada de tafetá rosa, e adornadas con franxas de cor vermella mesturada de negro. Seis candelabros de prata sobredourada, con dúas candeas cada un, suxeitos á parede a igual distancia uns dos outros servían para iluminar o diván. O teito, no centro do cal pendía unha araña de prata sobredourada mate, resplandecía de brancura e a cornixa era dourada. A alfombra semellaba un chal de oriente: reproducía os debuxos característicos destes e lembraba as poesías de Persia, onde mans de escravas a urdiran. Os mobles estaban cubertos de caxemira branca, realzada por uns adornos en negro e vermello intenso. O reloxo de péndulo, os candelabros, todo era de mármore branco e ouro. A única mesa que había tiña unha caxemira por mantel. Elegantes xardineiras contiñan rosas de todas as especies, flores brancas ou vermellas. En fin, o menor detalle parecía ter sido obxecto dun exquisito coidado. Xamais a riqueza se disimulara con máis coquetería para converterse en elegancia, para expresar a graza, para inspirar voluptuosidade. Naquel lugar todo contribuía a facer entrar en calor mesmo ao ser máis frío. O tornasol do revestimento da parede, cuxa cor cambiaba segundo desde onde fose visto, volvéndose completamente branca ou totalmente rosa, concordaba cos efectos da luz que se difundía nas diáfanas canles da muselina, producindo bretemosas aparencias. A alma sente non sei que querenza polo branco, o amor comprácese no vermello e o ouro favorece as paixóns, ten o poder de realizar as súas fantasías. Así, todo o que o home ten de vago e de misterioso en si mesmo, todas as súas afinidades inexplicadas atopábanse aloumiñadas nas súas simpatías involuntarias. Había nesta harmonía perfecta un concerto de cores ao que a alma respondía con ideas voluptuosas, indecisas, flotantes.

No medio desa vaporosa atmosfera cargada de exquisitos perfumes, Paquita, vestida cun batín branco, cos pés descalzos e flores de azar nos seus negros cabelos, aparecéuselle a Henri axeonllada perante el, adorándoo como o deus daquel templo ao que se dignara vir. Aínda que De Marsay estaba afeito a ver os refinamentos do luxo de París, ficou sorprendido do aspecto desta cuncha, semellante a aquela da que naceu Venus. Sexa por efecto do contraste entre as tebras de onde saía el e a luz que bañaba a súa alma, sexa por unha comparación feita de socate entre esta escena e a da primeira entrevista, experimentou unha desas sensacións delicadas que produce a verdadeira poesía. Ao percibir, no medio daquel aposento nacido da variña dunha fada, a obra mestra da creación, aquela

moza coa cute calidamente coloreada, coa pel suave, mais lixeiramente dourada polos reflexos do vermello e pola difusión de non sei que vapor amoroso, que escintilaba coma se reflectise os raios das luces e das cores; a súa cólera, os seus desexos de vinganza, a súa vaidade ferida, todo sucumbiu. Como unha aguia que se precipita sobre a súa presa, apertouna entre os seus brazos, sentouna nos seus xeonllos e sentiu, cunha inefábel embriaguez, a voluptuosa presión daquela moza cuxas beldades tan xenerosamente desenvolvidas o envolveron con suavidade.

– Ven, Paquita! –díxolle en voz baixa.

– Fala! fala sen temor –díxolle ela. Este recanto foi construído para o amor. Ningún son escapa del, tal é cobiza coa que desexo gardar os acentos e a música da voz amada. Por moi fortes que fosen os gritos, non poderían ser oídos fóra deste recinto. Aquí pódese cometer un asasinato, os prantos da vítima serían tan vans coma se estivese no medio do Gran Deserto.

– E logo quen comprendeu tan ben os celos e as súas necesidades?

– Non me preguntes xamais sobre ese particular –respondeu ela desanoando cun aceno de incríbel amabilidade a gravata do mozo, sen dúbida para verlle ben o pescozo.

– Si, velaquí o pescozo que tanto me gusta! –dixo ela–. Queres compracerme?

Esta interrogación, cuxo acento a volvíase case lasciva, sacou a De Marsay do soño onde o mergullara a despótica resposta coa que Paquita lle prohibira calquera pescuda acerca do ser descoñecido que pairaba como unha sombra por riba deles.

– E se eu quixese saber quen reina aquí?

Paquita ollouno tremente.

– Logo non son eu –dixo el erguéndose e desembarazándose da moza que inclinou a cabeza cara atrás–. Quero estrar só, alí onde estea.

– Abraiante! abraiante! –dixo a pobre escrava presa do terror.

– E logo por quen me tomas? Vas responder?

Paquita levantouse lentamente, cos ollos engradados, colleu un puñal nun dos dous mobles de ébano e ofreceullo a Henri cun xesto de submisión que terían entenrecido a un tigre.

– Agasállame como agasallan os homes cando aman –dixo ela–, e mentres estea durmindo, mátame, pois non sabería responderche. Escoita! Estou atada como un pobre animal ao seu espeque; estou abraiada por ter sido quen de estender unha ponte sobre o abismo que nos separa. Embriágame, despois mátame. Oh! non, non –dixo ela xuntando as mans–, non me mates! Amo a vida! A vida é tan bela para min! Se son escrava, tamén son raíña. Podería enganarte coas palabras, dicir que non amo a ninguén máis ca ti, probarcho, aproveitarme do meu imperio momentáneo para dicirche: –Tómame como se goza o perfume dunha flor ao pasar polo xardín dun rei. Despois, tras ter despregado a elocuencia astuta da muller e as ás do pracer, tras ter apagado a miña sede, podería facer que te tirasen nun pozo onde ninguén te atoparía, construído para satisfacer a vinganza sen ter que temer a da xustiza, un pozo cheo de cal viva que se acendería para consumirte, sen que se atopase unha partícula do teu ser. Ficarías no meu corazón, meu para sempre.

Henri ollou á moza sen tremer, e esa ollada afouta colmouna de ledicia.

– Non, non o farei! Non caíches aquí nunha trampa, senón no corazón dunha muller que te adora, e son eu quen vai ser guindada ao pozo.

– Todo isto me parece prodixiosamente estraño –díxolle De Marsay examinándoa–. Mais ti parécesme unha boa moza, unha natureza estraña. Es, a fe de home honrado, unha adiviña vivente cuxa solución semella ben difícil de atopar.

Paquita non comprendeu nada do que dicía o mozo; ollouno de vagar regalando uns ollos que nunca poderían ser estúpidos, a poder de reflectirse neles a voluptuosidade.

– Veña, meu amor –dixo ela volvendo á súa idea inicial–, queres compracerme?

– Farei todo o que ti queiras, e mesmo o que non queiras –respondeu rindo De Marsay, quen recuperou a súa soltura de fatuo ao tomar a resolución de se deixar levar pola súa boa sorte, sen ollar nin para atrás nin para adiante. Pois quizais contaba co seu poder e o seu xeito de home afortunado para dominar, ao cabo dunhas horas, a esta moza e coñecer todos os seus segredos.

– Pois ben –díxolle ela–, déixame arranxarte ao meu gusto.

– Ponme logo ao teu gusto –dixo Henri–.

Paquita, chea de ledicia, foi coller nun dos dous móbeis un vestido de veludo vermello, co que vestiu a De Marsay, despois toucouno cun gorro de muller e envolveuno nun chal. Ao entregarse ás súas loucuras, cometidas con inocencia infantil, ría cun riso convulsivo e semellaba un paxaro batendo as ás; mais non vía nada máis alá.

Aínda que é imposible pintar as delicias inauditas que experimentaron estas dúas belas criaturas, feitas polo ceo nun momento propicio, quizais é necesario traducir metafisicamente as impresións extraordinarias e case fantásticas do mozo. O que mellor saben recoñecer as persoas que se atopan na situación social na que estaba De Marsay e levan a vida que el levaba é a inocencia dunha moza. Mais, cousa ben rara, se a *Moza dos ollos de ouro* era virxe, desde logo non era inocente. Aquela unión tan estraña do misterioso e do real, da sombra e da luz, do horríbel e do belo, do pracer e do perigo, do paraíso e do inferno, que se realizara xa nesta aventura, continuaba no ser caprichoso e sublime do que se burlaba De Marsay. Todo o que a voluptuosidade máis refinada ten de máis sabio, todo o que podía coñecer Henri desa poesía dos sentidos que chamamos amor, foi sobordado polos tesouros dos que fixo gala aquela moza cuxos ollos desbordantes non desmentiron ningunha das promesas que facían. Foi un poema oriental, onde resplandecía o sol que Saadi e Hafiz puxeron nas súas conmovedoras estrofas. Agás que nin o ritmo de Saadi nin o de Píndaro terían expresado a éxtase chea de confusión e o estupor que se apoderou daquela deliciosa moza cando cesou o terror no que unha man de ferro a facía vivir.

– Morta! –exclamou–, estou morta! Adolfo, lévame á fin do mundo, a unha illa onde ninguén saiba de nós. Que a nosa fuxida non deixe rastro! Habiamos ser seguidos ata o inferno. Deus, xa é día! Sálvate. Non te volverei ver xamais? Si, mañá quero volverte ver, aínda que teña que matar a todos os meus vixiantes para gozar dese pracer. Deica mañá.

Deulle unha aperta na que se deixaba sentir o terror da morte. Despois premeu un resorte que debía facer soar unha campaiña e suplicou a De Marsay que se deixara vendar os ollos.

– E se non quixera; e se quixera ficar aquí?

– Causarías a miña morte máis rapidamente –dixo ela–; pois agora estou segura de morrer por ti.

Henri deixouse vendar. O home que acaba de ser colmado de praceres mostra unha inclinación ao esquezo, unha estraña ingratidade, un desexo de liberdade, unha ilusión de ir pasear, un chisco de desprezo, e quizais de desgusto, polo seu ídolo; manifesta, en fin, inexplicábeis sentimentos que o volven infame e innobre. A certeza deste afecto confuso, mais real nas almas que non están nin iluminadas pola luz celeste nin perfumadas polo bálsamo santo de onde procede a pertinacia do sentimento, ditou sen dúbida a Rousseau as aventuras de milord Eduardo, coas que rematan as cartas da *Nova Eloísa*.

[] Se ben Rousseau se inspirou, evidentemente, na obra de Richardson, afastouse dela en mil detalles que lle conceden unha orixinalidade magnífica ao seu monumento; legouno á posteridade a través de grandes ideas que se resisten ao exame analítico cando lemos esta obra na mocidade coa intención de atopar nela a cálida estampa do máis físico dos nosos sentimentos, mentres que, pola súa parte, os escritores serios e os filósofos non empregan nunca imaxes a non ser que se deriven como consecuencia ou necesidade dun pensamento grandioso; e as aventuras de milord Eduardo son unha das ideas máis europeas e delicadas desta obra.

Henri atopábase, pois, baixo o dominio dese sentimento confuso que non coñece o verdadeiro amor. Facía falta, dalgunha maneira, a persuasiva interrupción das comparacións e a irresistíbel atracción das lembranzas para volvelo levar cara a unha muller. O verdadeiro amor reina sobre todo pola memoria. A muller que non ficou gravada na alma nin polo exceso de pracer, nin pola forza do sentimento, pode ser amada algunha vez? Sen Henri sabelo, Paquita asentara no seu interior por eses dous medios. Mais nese momento, entregado por completo á fatiga da felicidade, esa deliciosa melancolía do corpo, apenas podía analizar o seu corazón, ao volver sentir nos beizos o tacto das máis intensas voluptuosidades que xamais houbera experimentado.

[] Atopouse no bulevar Montmartre ao despuntar o día, ollou estupidamente o persoal que fuxía, tirou dous cigarros do peto, acendeu un na lanterna dunha boa muller que vendía augardente e café aos obreiros, aos rapaces, aos vendedores de verduras, a toda esa poboación parisiense que comeza a súa vida antes do día; despois marchou, fumando o cigarro e metendo as mans nos petos do pantalón cunha despreocupación verdadeiramente deshonrosa.

– Que boa cousa é un cigarro! Velaquí aquilo do que un home nunca cansará –dixo para si–.

Aquela *Moza dos ollos de ouro*, por quen toleaba nesa época toda a mocidade elegante de París, apenas lle merecía un pensamento! A idea da morte, expresada a través dos praceres e cuxo temor escurecera varias veces a fronte daquela bela criatura, que tiña algo das hurís de Asia por vía materna, de Europa pola súa educación e dos Trópicos pola seu nacemento, parecíalle un deses trucos aos que adoitan recorrer as mulleres para aparentaren interesantes.

– É da Habana, do país máis español que hai no Novo Mundo; preferiu, pois, finxir terror que sacar a relucir o sufrimento, a dificultade, a coquetería ou o deber, como fan as parisienses. Polos seus ollos de ouro, teño moitas ganas de durmir.

Viu un coche de aluguer, que estaba estacionado na esquina de Frascati, esperando por algúns xogadores, espertou ao cocheiro, pediulle que o levase á casa, deitouse e adormeceu co sono dos maos tipos que, por unha rareza da que ningún cantante tirou partido aínda, resulta ser tan profundo como o dos inocentes. Quizais é un efecto dese axioma proverbial que di que *os extremos se tocan*.

CAPÍTULO III - A FORZA DO SANGUE

Arredor do mediodía, De Marsay estarricou os brazos ao espertar e sentiu os embates dunha desas fames caninas que todos os vellos soldados lembran ter experimentado o día seguinte da vitoria. Tamén comprobou con pracer que diante súa se atopaba Paul de Manerville, pois non hai nada máis agradábel nesa circunstancia que comer acompañado.

– Vaites! –díxolle o seu amigo–, todos imaxinabamos que botarías dez días encerrado coa *Moza dos ollos de ouro*.

– A *Moza dos ollos de ouro*! xa non penso nela. Abofé, téñoche ben máis que facer!

– Ah, faste o discreto!

– Por que non? –dixo rindo De Marsay–. Querido amigo, a discreción é o máis hábil dos cálculos. escoita... Pero non, non che vou dicir unha palabra. Ti nunca me ensinas nada, non estou disposto a dilapidar os tesouros da miña política. A vida é un río que permite o tráfico de mercadorías. Por todo o máis sagrado que hai na terra, polos cigarros!, non son un profesor de economía social a disposición dos necios. Almorcemos. É menos custoso ofrecerche unha tortilla con atún que prodigarche o meu cerebro.

– Contas cos teus amigos?

– Querido –dixo Henri, que raramente refugaba unha ironía–, dado que, malia todo, podería sucederche como a calquera que tiveses necesidade de ser discreto, e que te quero moito... Si, quérote! Palabra de honor. Se fose preciso un billete de mil francos para impedir que te levaras a tapa dos miolos, aquí o atoparías, pois aínda non temos hipoteca por aí, ou, Paul? Se te bateses en duelo mañá, eu mediría a distancia e cargaría as pistolas, a fin de que te matasen de acordo coas regras. En fin, se a unha persoa que non fose eu se lle ocorrese falar mal de ti na túa ausencia, cumpriría que se medise co rudo xentilhome que se atopa baixo a miña pel. Velaí o que eu chamo unha amizade a toda proba. Pois ben, cando teñas necesidade de ser discreto, amiguiño, has de saber que existen dúas clases de discreción: a discreción activa e a discreción negativa. A discreción negativa é a dos parvos que botan man do silencio, da negación, do aspecto enfurruñado, a discreción das portas pechadas, verdadeiro signo de impotencia. A discreción activa procede por afirmación. Se esta noite, no Círculo, dixese: “A fe de home honrado, a *Moza dos ollos de ouro* non valía o que me custou”, todo o mundo, cando eu saíse, exclamaría: “Ouvistes a ese fato de De Marsay que quería facernos crer que xa posuía á *Moza dos ollos de ouro*? Pretende así desembarazarse dos seus rivais. Chámalle burro ao caballo!”. Mais esa artimaña é vulgar e perigosa. Por moi grande que sexa a sandez que soltemos, sempre ha de haber necios que a crean. A mellor das discrecións é aquela que usan as mulleres astutas cando queren enganar aos seus maridos. Consiste en comprometer a unha muller que non nos cae ben, ou

que non amamos, ou que non posuímos, para conservar a honra daquela que amamos abondo como para a respectar. É o que eu chamo a *muller pantalla*... Ah!, velaquí Laurent. Que nos traes?

– Ostras de Ostende, señor conde...

– Algún día saberás, Paul, o divertido que resulta burlarse do mundo agochándolle o segredo dos nosos afectos. Sinto un inmenso pracer eludindo a estúpida xurisdición da masa, que non sabe nunca o que quere nin o que lle fan querer, que confunde o medio co resultado, que o mesmo venera que maldí, tan pronto levanta como destrúe. Que felicidade impoñerlle emocións sen as recibir, domala e non a obedecer nunca! Se de algo pode sentirse un orgulloso, non é logo do poder que un adquire por si mesmo, do que somos asemade a causa e o efecto, o principio e o resultado? Pois ben, ninguén sabe o que amo nin o que quero. Quizais se saiba o que eu ameí, o que terei querido, tal como se coñecen os dramas concluídos; pero mostrar o meu xogo?... Vaia debilidade! Que estafa! Non coñezo nada máis desprezábel que a forza enganada pola maña. Ríome eu do oficio de embaixador, aínda que a diplomacia sexa tan difícil como a vida. Teño as miñas dúbidas. Es ambicioso? Queres chegar a ser algo?

– Pero, Henri, búrlaste de min. Como se non fose eu bastante mediocre para tentar chegar a todo.

– Ben! Paul. Se continúas a te mofar de ti mesmo, poderás axiña facer mofa de todo o mundo.

Despois de almorzar, cando se puxo a fumar uns cigarros, De Marsay comezou a ver os acontecementos da noite pasada baixo unha luz singular. Como lles sucede a moitos dos grandes xenios, a súa perspicacia non era espontánea, non penetraba de socate ata o fondo das cousas. Como todas as naturezas dotadas da facultade de vivir moito no presente, de espremerlle o seu celme e de engulilo, por dicilo así, a súa clarividencia precisaba dunha especie de sono para identificar as causas. O cardeal de Richelieu era así, o cal non o excluía do don da prudencia necesaria para a concepción dos grandes proxectos. De Marsay posuía todas esas condicións, mais, en principio, só usou as súas armas en beneficio dos seus praceres, e non se converteu nun dos políticos máis agudos da actualidade ata que estivo saturado dos praceres nos que pensa antes que nada un mozo que ten ouro e poder. O home endurecese así: utiliza a muller, para que a muller non poida utilizalo. Naquel momento, pois, De Marsay decatouse de que fora burlado pola *Moza dos ollos de ouro*, vendo no seu conxunto esa noite na que os praceres fluíran aos poucos para rematar por derramarse en torrentes. Puido entón ler naquela páxina de efecto tan brillante, adiviñando o seu sentido oculto. A inocencia puramente física de Paquita, o abraio da súa ledicia, algunhas palabras en principio escuras e agora claras, pronunciadas no medio do gozo, todo lle confirmou que representara o papel doutra persoa. Como ningunha das corrupcións sociais lle era descoñecida e profesaba unha completa indiferenza perante todos os caprichos, sostendo que estaban xustificadas pola mesma razón de que se podían satisfacer, non se asustaba do vicio, coñecía-o como se coñece a un amigo, mais sentiuse ferido por terlle servido de pasto. Se as súas conxecturas eran acertadas, fora aldraxado no cerne do seu ser. Esa simple sospeita púxoo furioso e estalou no ruxido dun tigre burlado por unha gacela, o berro dun tigre que unía á forza da besta a intelixencia do diaño.

– E logo, que che pasa? – díxolle Paul.

– Nada!

- Non quería, se che preguntasen se tes algo contra min, que respondeses cun *nada* semellante; cumpriría, sen dúbida, batérmonos o día seguinte.
- Eu xa non me bato – dixo De Marsay.
- Iso paréceme aínda máis tráxico. Asasinas logo?
- Terxiversas as palabras. Executo.
- Querido amigo – dixo Paul–, o teu humor pende bastante ao negro esta mañá.
- Que queres? A voluptuosidade leva á ferocidade. Por que? Non teño nin idea, e non son o bastante curioso para procurar a causa. Estes cigarros son excelentes. Dálle té ao teu amigo. Sabes, Paul, que levo unha vida de bruto? Xa vai sendo hora de escoller un destino, de empregar as miñas forzas en algo que pague a pena vivir. A vida é unha comedia singular. Estou asustado e ríome da inconsecuencia da nosa orde social. O goberno manda cortarlle a cabeza a pobres diaños por mataren un home, e dálle o recoñecemento oficial para actuar a individuos que conducen ao *exitus*, falando en termos médicos, unha ducia de mozos cada inverno. A moral non ten forza para loitar contra unha ducia de vicios que destrúen a sociedade e que nada nin ninguén pode castigar. Outra cunca? Palabra de honor: o home é un bufón que baila ao bordo dun precipicio. Fálase da inmoralidade das *Amizades perigosas*, e de non sei que outro libro que ten nome de criada de cámara; mais existe un libro horríbel, sucio, espantoso, corruptor, sempre aberto, que non se pechará nunca: o gran libro do mundo, sen contar outro libro mil veces máis perigoso, que se compón de todo o que se din ao ouvido os homes, ou tras o abano as mulleres, polo serán, no baile.
- Henri, con certeza acontecéche algo extraordinario; nótaseche malia a túa pretendida discreción.
- Si ho! Cómpreme matar o tempo ata esta noite. Imos ao xogo. Quizais teña a sorte de perder.

De Marsay levantouse, colleu unha presa de billetes de banco, enrolounos na súa cigarreira, vestiuse e aproveitou o coche de Paul para ir ao Salón dos Estranxeiros onde pasou o tempo ata a hora da cea nesas emocionantes alternativas de perdas e gaños, que son o último recurso das constituicións fortes, cando se ven apremadas a exercitarse no baleiro. Pola noite acudiu á cita e deixouse vendar os ollos con compracencia. Despois, con esa firme vontade que só os homes verdadeiramente fortes son quen de concentrar, orientou a súa atención e aplicou a súa intelixencia en adiviñar por que rúas pasaba o coche. Tivo case a certeza de ser conducido ata a rúa Saint-Lazare, e de deterse na porta pequena do xardín do palacio San Real. Cando atravesou, como a primeira vez, esa porta e o pousaron nunha padiola transportada, sen dúbida, polo mulato e mailo cocheiro, comprendeu, ao ouvir renxer a area baixo os seus pés, por que se tomaban tan minuciosas precaucións. Se estivese libre, ou se camiñase, podería ter collido a póla dun arbusto, esculcar a natureza da area que quedase pegada ás súas botas; mentres que, transportado, coma quen di, por vía aérea a un palacio inaccesíbel, a súa boa fortuna debía ser o que fora ata ese momento, un soño. Mais, para desesperación do home, non se poden facer máis que cousas imperfectas, tanto para ben como para mal. Todas as súas obras intelectuais ou físicas están sinaladas por unha marca de destrución.

[] Chovera lixeiramente, a terra estaba húmida. Durante a noite, certos olores vexetais son moito máis fortes que durante o día. Henri sentía, pois, os perfumes da reseda ao longo da avenida pola cal era conducido. Esta indicación debía

iluminalo nas pescudas que se propuña facer para recoñecer o palacio onde se atopaba o gabinete de Paquita. Estudou mesmo os rodeos que os seus carrexadores deron pola casa, e creu poder lembralos.

[]Atopouse, como a véspera, enriba do canapé e diante de Paquita, que lle desanoaba a venda; mais viuna pálida e cambiada. Chorara. Axeonllada como un anxo suplicante, mais como un anxo triste e profundamente melancólico, a pobre moza xa non parecía a curiosa, a impaciente, a latexante criatura que tomara a De Marsay nas súas ás para transportalo ao sétimo ceo do amor. Había algo tan verdadeiro naquela desesperanza velada polo pracer, que o terríbel De Marsay sentiu que agromaba no seu interior unha admiración por esta nova obra mestra da natureza, e esqueceu momentaneamente o interese principal desa cita.

– Logo que che pasa, Paquita?

– Meu amigo –dixo ela–, lévame contigo esta mesma noite! Déixame en calquera parte onde ninguén poida dicir ao verme: velaquí está Paquita; onde ninguén responda: anda por aquí unha moza de ollada dourada, que ten os cabelos longos. Alí heiche dar cantos praceres desexes recibir de min. Despois, cando xa non me queiras, pódeme deixar, non me queixarei, non direi nada; e o meu abandono non che deberá causar ningún remorso, pois un día pasado ao teu lado, un só día durante o cal te ollase, hame valer por toda unha vida. Mais se fico aquí, estou perdida.

– Non podo abandonar París, miña pequena –respondeu Henri–. Non me pertenzo, estou ligado por un xuramento ao destino de varias persoas que son para min o mesmo que eu para elas. Mais pódoches procurar en París un refuxio onde non dea chegado ningún poder humano.

– Non –dixo ela–, esqueces o poder feminino.

Xamais frase pronunciada por unha voz humana expresou máis perfectamente o terror.

– Quen podería chegar onda ti, logo, se eu me interpoño entre ti e o mundo?

– O veneno! –dixo ela–. Dona Concha xa sospeita de ti. E –continuou deixando escorrer unhas bágoas que brillaron ao longo das súas meixelas– é ben fácil de ver que eu xa non son a mesma. Pois ben, se me abandonas ao furor do monstro que me vai devorar, fágase a túa santa vontade! Pero ven, fai que no noso amor se dean todas as voluptuosidades da vida. Polo demais, suplicarei, chorarei, berrarei, defendereime, salvareime quizais.

– A quen vas implorar logo? –dixo el–.

– Silencio! –replicou Paquita–. Se obteño a miña graza, será quizais a causa da miña discreción.

– Dáme o meu vestido, –dixo insidiosamente Henri–.

– Non, non! –respondeu ela con enerxía–. Queda tal como es: un deses anxos que me ensinaran a odiar e nos cales non vía máis que monstros, malia que sodes o máis belo que hai baixo o ceo –dixo acariciando os cabelos de Henri–. Ignoras ata que punto son idiota? non aprendín nada. Desde que cumprín doce anos vivo encerrada sen ver a ninguén. Non sei ler nin escribir e soamente falo inglés e español.

- Como se entende, pois, que recibas cartas de Londres?

- As miñas cartas? Toma, velaquí as tes! -dixo, mentres ía coller uns papeis nun estilizado vaso decorativo xaponés.

Achegoulle a De Marsay unhas cartas nas que o mozo viu con sorpresa unhas figuras estrañas semellantes ás dos xeroglíficos, trazadas con sangue, e que expresaban frases cheas de paixón.

- Pero -exclamou el admirando eses xeroglíficos creados por uns habelenciosos celos-, estás baixo o poder dun xenio infernal?

- Infernal -repetiu ela-.

- Mais, como puidiches saír, logo...

- Ah! -exclamou ela-, de aí vén a miña perdición. Puxen a dona Concha entre o medo a unha morte inmediata e unha cólera futura. Sentía unha curiosidade endiañada, quería romper ese círculo de bronce que se interpuña entre a creación e min, quería saber que eran os mozos, pois non coñecía máis homes que o marqués e Cristemio. O noso cocheiro e o criado que nos acompaña son uns vellos...

- Mais, non estabas sempre encerrada? A túa saúde requiría...

- Ah! -continuou ela-, paseabamos, mais durante a noite e polo campo, á beira do Sena, lonxe do mundo.

- Non te sentes orgullosa de ser amada así?

- Non -dixo ela-, en absoluto! Aínda que moi chea, esta vida agochada non é máis que tebras en comparación coa luz.

- A que chamas a luz?

- A ti, meu belo Adolfo! A ti, por quen daría a miña vida. Todas as cousas apaixonadas que me dixeron e que eu inspiraba, síntoas por ti! Por momentos non comprendía nada da existencia, mais agora sei como amamos, e ata o presente soamente fora amada, eu non amaba. Deixaría todo por ti, lévame contigo. Se queres, tómame como un xoguete, mais déixame ao teu carón ata que me rompas.

- Non terás saudades?

- En absoluto! -dixo ela deixándome ler nos seus ollos, nos que o ton dourado aparecía puro e claro-.

- Son eu o preferido? -dixo para si Henri que, se albiscaba a verdade, atopábase daquela disposto a perdoar a ofensa en aras dun amor tan inxenuo-. Xa veremos, -pensou.

Se con Paquita non tiña ningunha conta pendente, a menor lembranza do que pasara convertíase nun crime aos seus ollos. Así pois, esforzouse por reunir o valor suficiente para pensar nel mesmo, para xulgar a súa amante, para estudala mentres se abandonaba por completo aos praceres máis arrebatadores que xamais ningunha Peri⁹ baixada do ceos teña argallado para o seu ben amado. Paquita semellaba ter sido creada para o amor, cun coidado especial por parte da natureza.

⁹ Xenio ou fada fermosa e benfeitora da mitoloxía árabe e persa (N. do T.)

Dunha noite para outra, o seu xenio de muller realizara os máis rápidos progresos. Calquera que fose o poder daquel mozo e o seu desleixo verbo dos praceres, malia a súa saciedade da véspera, atopou na *Moza dos ollos de ouro* ese serrallo que sabe crear a muller amante á cal un home non renuncia xamais. Paquita respondía a esta paixón que todos os homes verdadeiramente grandes senten polo infinito, misteriosa paixón tan dramaticamente expresada en *Fausto* e tan poeticamente traducida en *Manfredo*, que empurraba a Don Juan a pescudar no corazón das mulleres, esperando atopar alí ese pensamento sen límites á procura do cal marchan tantos cazadores de espectros, que os sabios cren entrever na ciencia e que os místicos atopan tan só en Deus.

[] A esperanza de posuír por fin o ser ideal co cal a loita podía ser constante sen fatiga, engaiolaba a De Marsay quen, por primeira vez desde había moito tempo, abriu o seu corazón. Os seus nervios distendéronse, a súa frialdade fundiuse na atmosfera daquela alma ardente, as súas doutrinas perentorias esmoreceron e a felicidade coloreoulle a existencia, coas cores daquel gabinete: branco e rosa. Ao sentir o aguillón dunha voluptuosidade superior, foi arrastrado máis alá dos límites nos cales encerrara a paixón ata daquela. Non quixo verse superado por aquela moza, a quen un amor dalgún xeito artificial adaptara antes de tempo ás necesidades da súa alma, e entón atopou, naquela vaidade que empurra ao home a saír vencedor en toda circunstancia, as forzas precisas para dominar a aquela moza; pero tamén, lanzado máis alá desa liña na que a alma é dona de si mesma, perdeuse neses limbos deliciosos que o vulgo chama de xeito necio *os espazos imaxinarios*. Foi tenro, bo e comunicativo. Case volveu tola a Paquita.

– Por que non nos imos a Sorrento, a Niza, a Chiavari, a pasar toda a nosa vida así? Queres? –diciálle a Paquita cunha voz penetrante–.

– Acaso tes algunha necesidade de dicirme: “queres?” –exclamou ela–. Acaso teño eu vontade? Non son nada fóra de ti máis que ser un pracer para ti. Se queres escoller un retiro digno de nós, Asia é o único lugar onde o amor pode despregar as súas ás...

– Tes razón, contestou Henri. Imos ás Indias, alá onde a primavera é eterna, onde a terra está sempre chea de flores, onde o home pode despregar a pompa dos soberanos, sen que ninguén o critique como nos países parvos onde se pretende realizar a mesquiña quimera da igualdade. Imos ao país onde se vive no medio dun pobo de escravos, onde o sol ilumina sempre un pazo branco, onde se sementan perfumes no ar, onde os paxaros cantan o amor e onde se morre cando xa non se pode amar...

– E onde se morre xuntos! –dixo Paquita–. Mais non marchemos mañá, marchemos agora mesmo, levemos connosco a Cristemio.

– Abofé, o pracer é o mais belo desenlace da vida. Imos a Asia, mais para partir, meniña, compre moito ouro, e para ter ouro, cómpre arranxar os asuntos.

[] Ela non comprendía nada desas ideas.

– Ouro, haino aquí ata esta altura –dixo ela levantando a man–.

– Non é meu.

– Que importa iso? –replicou ela–, se o necesitamos, collámolo.

– Non che pertence.

– Pertencer! –repetiu ela–. Non me colliches ti? Cando o teñamos collido, pertenceranos.

[] El botouse a rir.

– Pobre inocente! non sabes nada das cousas deste mundo.

– Non, mais velaquí o que sei –exclamou, atraendo a Henri enriba dela.

No momento en que De Marsay esquecía todo e concibía o desexo de apropiarse para sempre desta criatura, recibiu no medio do seu gozo unha puñalada que atravesou de parte a parte o seu corazón, mortificado por primeira vez. Paquita, que o levantara vigorosamente no ar como para contemplalo, exclamou:

– Oh! Mariquita!

– Mariquita! –berrou o mozo pódose rubio–. Agora sei de vez todo o que me custaba crer.

Abalanzouse sobre o móbel onde estaba gardado o longo puñal. Felizmente para ambos, o armario estaba pechado. A súa rabia aumentou con este obstáculo; mais recobrou a tranquilidade, foi coller a súa gravata e avanzou cara a ela cun aspecto tan ferozmente significativo que, sen saber cal era o seu crime, Paquita comprendeu, madía leva, que chegara a súa hora. Daquela lanzouse dun só brinco ao cabo do cuarto para evitar o nó fatal que De Marsay quería pasarlle arredor do pescozo. Houbo un combate. A flexibilidade, a axilidade e o vigor foron parellas por ambas as partes. Para rematar a loita, Paquita guindou nas pernas do seu amante un coxín que o fixo caer, e aproveitou a tregua que lle concedeu esta vantaxe para empurrar o dispositivo do resorte que correspondía a unha advertencia. O mulato chegou de socato. Nun abrir e pechar de ollos Cristemio choutou sobre De Marsay, derrubouno e púxolle o pé sobre o peito, co calcaño virado cara a gorxa. De Marsay comprendeu que se forcexaba sería esmagado ao momento, ao menor sinal de Paquita.

– Por que querías matarme, meu amor? –díxolle ela.

De Marsay non respondeu.

– En que che desgustei? –continuou–. Fala, expliquémonos.

Henri gardou a actitude flegmática do home forte que se sente vencido: aparencia fría, silenciosa, moi inglesa, que mostraba a consciencia da súa dignidade mediante unha resignación momentánea. Por outra banda, xa comprendera, malia o arrebatado da súa cólera, que era pouco prudente comprometerse coa xustiza matando a aquela moza de improviso e sen ter preparado o homicidio de xeito que se asegurase a impunidade.

– Meu ben amado –proseguiu Paquita–, fálame; non me deixes sen un adeus de amor! Non querería gardar no meu corazón o espanto que acabas de pousar nel. Has falar? –dixo ela patexando encolerizada–. De Marsay lanzoulle por resposta unha ollada que significaba tan claramente *vas morrer!* que Paquita se precipitou sobre el.

– E logo, quéresme matar? Se a miña morte pode causarche pracer, mátame!

Fíxolle un sinal a Cristemio, quen levantou o pé de enriba do mozo e foise sen que o seu rostro revelase se levaba unha opinión boa ou mala acerca da actitude de Paquita.

– Velaquí un home de verdade! –dixo De Marsay acenando cara ao mulato cun xesto sombrío–. Non hai abnegación maior que a que obedece a amizade sen xulgala. Tes nese home un verdadeiro amigo.

– Dareicho se o queres –respondeu ela–. Servirate coa mesma abnegación que sente por min, se eu llo pido.

Esperou unha palabra de resposta, e continuou cun ton cheo de tenrura:

[] – Adolfo, dime unha palabra amábel. Axiña será de día.

Henri non respondeu. Aquel mozo posuía unha triste calidade, pois xúlgase como unha gran cousa todo o que se asemella á forza, e os homes divinizan a miúdo as extravagancias. Henri non sabía perdoar. Rectificar, que é con certeza unha das grazas da alma, parecíalle un desatino. A ferocidade dos homes do Norte, que se manifesta de maneira moi acusada no sangue inglés, fóralle transmitida polo seu pai. Era inquebrantábel, así nos bos como nos maos sentimentos. A exclamación de Paquita foi tanto máis horríbel para el, canto que fora destronado do máis doce triunfo que xamais engrandeceu a súa vaidade de home. A esperanza, o amor e todos os sentimentos se exaltaran nel, todo se incendiara no seu corazón e na súa intelixencia; despois, aqueles fochos, acesos para iluminar a súa vida, foran apagados por un vento frío. Paquita, estupefacta, apenas tivo forzas, na súa dor, para dar o sinal de partida.

– Isto é inútil –dixo, tirando a venda–. Se xa non me ama, se me odia, acabouse.

Esperou unha ollada que non obtivo e caeu medio morta. O mulato lanzou sobre Henri unha ollada tan espantosamente significativa, que fixo tremer por primeira vez na súa vida a aquel mozo, a quen ninguén negaba o don dunha rara intrepidez. «Se non a amas como é debido, se lle causas o menor dano, heite matar!» Tal era o sentido daquela rápida ollada.

[] De Marsay foi conducido con coidados case servís ao longo dun corredor iluminado por biolos, ao cabo do cal, por unha porta secreta, saíu a unha escaleira oculta que conducía ao xardín do palacio San Real. O mulato fíxoo camiñar con precaución ao longo dunha avenida de tileiros rematada nunha portíña que daba a unha rúa deserta naquela época. De Marsay observou ben todo. O coche esperábao; esta vez o mulato non o acompañou e, no momento en que Henri asomou a cabeza polo portelo para volver ver os xardíns e o palacio, atopou os ollos brancos de Cristemio, co que intercambiou unha ollada. Por ambas as partes aquilo foi unha provocación, un desafío, o anuncio dunha guerra de salvaxes, dun duelo onde cesaban as leis ordinarias, onde a traizón e a perfidia eran medios admitidos. Cristemio sabía que Henri xurara dar morte a Paquita. Henri sabía que Cristemio quería matalo antes de que el matase a Paquita. Ambos se entenderon de marabilla.

– A aventura complícase dun xeito bastante interesante –dixo para si Henri–.

– Onde vai o señor? –preguntoulle o cocheiro–.

De Marsay fíxose conducir á casa de Paul de Manerville.

Durante máis dunha semana, Henri estivo ausente da súa casa, sen que ninguén puidese saber o que fixo durante ese tempo nin en que lugar morou. Este retiro salvouno do furor do mulato e causou a perda da pobre criatura que puxera toda a súa esperanza naquel a quen amaba como xamais ningunha criatura amou nesta terra.

[] O último día desa semana, contra as once da noite, Henri volveu, en coche, á portuña do xardín do palacio San Real. Acompañábano tres homes. O cocheiro era evidentemente un dos seus amigos, pois ergueuse sobre o seu asento, como unha sentinela atenta, disposto a percibir o menor ruído. Un dos outros tres ficou fóra, na rúa; o segundo permaneceu de pé no xardín, apoiado contra o muro; o último, que levaba un monllo de chaves na man, acompañou a De Marsay.

– Henri –díxolle o seu compañeiro–, fomos traizoados.

– Por quen, meu bo Ferragus?

– Non todos están durmindo –respondeu o xefe dos Devoradores–; o cal indica de xeito inequívoco que alguén da casa non comeu nin bebeu. Olla, ves esa luz.

– Temos o plano da casa; de onde vén?

– Non necesito plano para sabelo –respondeu Ferragus–. Vén do cuarto da marquesa.

– Ah! –clamou De Marsay–. Debeu chegar hoxe de Londres sen dúbida. Esa muller vaime roubar ata a miña vinganza! Mais, se me gañou pola man, meu bo Gratien, entregáremola á xustiza.

– Escoita logo! O asunto está resolto –díxolle Ferragus a Henri.

Os dous amigos puxeron a orela e ouviron uns berros febles que terían entenrecido a un tigre.

– A túa marquesa non pensou que os sons saírían polo conduto da cheminea –dixo o xefe dos Devoradores, co riso dun crítico encantado de descubrir unha falta nunha bela obra.

– Só nós sabemos prever todo –dixo Henri–. Espérame; quero ir ver que está pasando aí arriba, para saber como resolven as querelas domésticas. Deus bendito! Coido que a está asando a lume lento.

De Marsay subiu axilmente pola escaleira que xa coñecía e recoñeceu o camiño do toucador. Cando abriu a porta, sentiu o estremecemento involuntario que lle causa ao home máis determinado a visión do sangue derramado. O espectáculo que se ofrecía á súa ollada, de por parte, resultáballe abraiante por máis dun motivo. A marquesa era muller: calculara a súa vinganza con esa perfección na perfidia que distingue os animais febles. Disimulara a súa cólera para asegurarse do crime antes de castigalo.

– Demasiado tarde, meu ben amado! –dixo Paquita moribunda, cos ollos pálidos virados cara a De Marsay.

A *Moza dos ollos de ouro* expiraba afogada en sangue. As luces todas acesas, un perfume delicado que se deixaba sentir, certa desorde na que a ollada dun home de boa fortuna debía recoñecer as loucuras comúns a todas as paixóns, revelaban que a marquesa interrogara sabiamente á culpábel. Aquel cuarto branco, onde o sangue

resaltaba tan ben, evidenciaba un longo combate. As mans de Paquita estaban marcadas nos coxíns. Por todas as partes se aferrara á vida, por todas as partes se defendera e por todas as partes fora golpeada. Colgallos enteiros do papel pintado acanalado foran arrincados polas súas mans ensanguentadas, que sen dúbida loitaran moito tempo. Paquita debía ter tentado gabear ao teito. Os seus pés espidos estaban marcados ao longo do respaldo do diván, sobre o cal, sen dúbida, correra. O seu corpo, esnaquizado a puñaladas polo seu verdugo, mostraba con que encarnizamento disputara unha vida que Henri lle volvera tan querida. Xacía no chan, e mordera, ao morrer, os músculos da empeña de madame de San Real, que sostiña na man o puñal bañado de sangue. A marquesa tiña os cabelos arrincados, estaba cuberta de mordeduras, varias das cales sangraban, e o seu vestido esgazado deixábaa ver medio espida, cos seos rabuñados. Estaba sublime así. A cabeza, ávida e furiosa, respiraba o cheiro do sangue. A boca, arfante, ficaba entreaberta e as fosas nasais non abondaban para as súas aspiracións. Algúns animais, enfurecidos, saltan sobre o seu inimigo, cáusanlle a morte e, tranquilos na súa vitoria, semellan ter esquecido todo. Hai outros que xiran arredor da súa vítima, que a vixían temendo que llela vaian levar e, ao xeito do Aquiles de Homero, dan nove veces a volta a Troia arrastrando o seu inimigo polos pés. Así estaba a marquesa. Non viu a Henri. En primeiro lugar, sabíase na máis completa soidade para temer as testemuñas; despois, estaba demasiado embriagada de sangue quente, demasiado animada pola loita, demasiado exaltada para percibir París enteiro, se París formara un círculo arredor dela. Non sentiría un raio. Non oíra nin sequera o derradeiro suspiro de Paquita e cría que aínda podía ser escoitada pola morta.

– Morre sen confesión! –dicialle–. Vai para o inferno, monstro de ingratidade; non sexas para ninguén máis que para o demo. Polo sangue que lle deches, débesme todo o teu! Morre, morre, sofre mil mortes, fun demasiado boa, non empreguei máis que un momentíño para matarte, gustaríame facerche probar todas as dores que ti me legas. Vivirei eu! vivirei desgraciada, estou condenada a non amar máis que a Deus! –contemplouna–. Está morta! –dixo para si tras dunha pausa, facendo unha violenta reflexión sobre a súa propia conduta–. Morta, ah! morrerei de dor!

[] A marquesa quixo ir deitarse sobre o diván, esmagada por unha desesperación que lle quitaba a voz, e ese movemento permitiulle entón ver a Henri de Marsay.

– Ti quen es? –díxolle correndo cara el co puñal levantado.

[] Henri agarroulle o brazo e ambos puideron así contemplarse cara a cara. Unha sorpresa horribel conxeloulles o sangue nas veas, e tremeron sobre as pernas como cabalos espantados. En efecto, os dous Menecmos¹⁰ non serían máis semellantes.

Pronunciaron á vez as mesmas palabras:

– Lord Dudley debe ser o voso pai?

Ambos baixaron a cabeza afirmativamente.

– Foi fiel ao sangue –dixo Henri sinalando a Paquita–.

– Tamén era tan inocente como a que máis –replicou Margarida Eufemia Porraberil, que se debruzou sobre o corpo de Paquita lanzando un berro de desesperación–.

¹⁰ OS MENECSMOS: título dunha farsa de Plauto na que un mercador que ten dous fillos xemelgos perde a un chamado Menecmo, o neno é adoptado por outro mercador que o atopa e o deixa como herdeiro da súa fortuna. O irmán xemelgo, sen perder a esperanza e acompañado do seu escravo inicia a busca de Menecmo, reencontrándose finalmente e regresando felizmente ambos a Siracusa. (N. do T)

Pobre rapariga! Oh, gustaríame reanimarte! Trabuqueime, perdóame, Paquita! Ti estás morta, e eu sigo viva! Son a máis malpocada.

Nese momento apareceu a horríbel figura da nai de Paquita.

– Vasme dicir que non ma venderas para que a matase –exclamou a marquesa–. Sei por que saes da túa toba. Pagareicha por duplicado. Cala.

Foi coller unha bolsa de ouro nun móbel de ébano e guindouna con desdén aos pés da vella. O tinguileo do ouro fixo que se debuxase un sorriso na inerte fisionomía da xeorxiana.

– Chego a tempo para axudarche, irmá –dixo Henri–. A xustiza vaite reclamar...

– Nada –respondeu a marquesa–. Só unha persoa podería pedir contas desta moza: Cristemio... pero está morto.

– E a nai –preguntou Henri sinalando a vella–, non che fará chantaxe permanentemente?

– Vén dun país onde as mulleres non son seres humanos, senón cousas coas podes facer o que che pete: vendelas, mercalas, matalas; en fin, no que se serven delas para os seus caprichos, como vos servides aquí dos móbeis. Por outro lado, ten unha paixón que fai capitular todas as outras e que tería aniquilado o seu amor materno, se tivese amado á súa filla; unha paixón...

– Cal? –dixo de socato Henri interrompendo á súa irma–.

– O xogo, do que Deus te garde! –respondeu a marquesa–.

– Mais a quen vas acudir –dixo Henri sinalando a *Moza dos ollos de ouro*–, para borrar os trazos deste delirio, que a xustiza non che vai perdoar?

– Teño á súa nai –respondeu a marquesa, sinalando á vella xeorxiana a quen lle indicou que ficase–.

– Volverémonos ver –dixo Henri, que matinaba na inquedaanza dos seus amigos e sentía a necesidade de partir–.

– Non, meu irmán –dixo ela–, non nos volveremos ver xamais. Regreso a España para recluírme no convento de *los Dolores*.

– Aínda es demasiado nova, demasiado bela –dixo Henri tomándoa nos brazos e dándolle un beixo–.

– Adeus –dixo ela–; nada pode consolar o ter perdido aquilo que nos pareceu ser o infinito.

Oito días despois, Paul de Manerville volveu atopar a De Marsay nas Tullerías, na terraza dos Feuillants.

– E logo, que foi da nosa fermosa MOZA DOS OLLOS DE OURO, malvado?

– Morreu.

– De que?

- Do peito.

París, marzo 1834-abril 1835.